
ATENEA
a forza
UTOPÍA.
nternos na
soñar.
1



Vista da ría de Ferrol dende o Mirador de Ancos

Fotografía: Javier Pita

EDITORIAL

Remata o primeiro ano do TERCEIRO MILENIO. Esmorece este 2001, primeiro do SÉCULO XXI. De seguro quedará para a Historia este comezo de século e milenio marcado con sangue e lume. Unha nova orde no contexto das relacións internacionais, unha nova era no xeito de relacionarse as nacións. A onde se chegará neste novo camiño é difícil de predecir, pero si que será distinta a forma de abordar os problemas profundos que aqueixan a unha humanidade moi inmadura no seu conxunto. As diferencias entre os pobos, lonxe de reducirse aumentan ano tras ano, o mesmo que as que vemos máis perto de nós entre os cidadáns dun país. Unhas condicións básicas mínimas terían que ser garantidas para todo ser humano que accede a este mundo cada vez máis pequeno.

Para o ATENEO FERROLÁN o 2001 supuxo a celebración do 25 ANIVERSARIO da súa última etapa, a máis longa da súa existencia. Reaxuste da Directiva, Revista ATENEA consolidada e nº extraordinario, o XI Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón", cun triunfador de Ferrolterra con 16 anos, curiosamente chamado DANIEL BELLÓN, Exposición-Homenaxe a TOMÁS BARROS, o nº 6 desta cita cultural; e sobre todo algo inmaterial pero perfectamente visible, máis para os que estamos cerca: os esforzos en varias frontes por supera-la difícil situación económica endémica. Avanzamos nesta teima e hai que agradecer o esforzo dos socios/as que manteñen o tipo a pesar do aumento irremediable de cotas. Tamén hai que superar permanentemente incomprensións, intolerancias e ata cambadelas máis ou menos conscentes e visibles.

Non queremos liortas e sabemos con quen contamos, estando plenamente seguros de seguir un bo camiño. A nosa aposta pola diversidade e a TOLERANCIA, coas portas abertas, nos dá firmeza para seguir, correo electrónico, páxina web, ... avanzamos.

Para FERROL e FERROLTERRA, tímidos avances nas infraestructuras e obras pendentes dende hai demasiados anos ....TEATRO JOFRE, AUTOPISTA, PORTO EXTERIOR, DEPURACIÓN DE VERQUIDOS Á RÍA, O TREN, ai o tren, qué lento aínda, o FREO, de momento, da PLANTA DE GAS. Esperamos e confiamos que o sentidiño impere nesta última obra, que se superen os intereses económicos e que por riba dos millóns (agora en euros xa son menos...) se chegue á mellor solución para todos.

Para GALICIA, novas eleccións e nova continuidade, as autovías acortaron polo menos media hora as viaxes a MADRID. Ó tren aínda lle falta moito para acadar a velocidade andaluza....


Para ESPAÑA, cecais habería que destacar o avance significativo do Governo central en algo que parece un destino irremediable para todo goberno que dure, que é a súa habilidade política para "cabrear" cada día a máis xente, e digo: oposición por suposto, gandeiros, o mundo da pesca, o transporte, farmacéuticos e agora o gran mundo dos estudiantes, coas Universidades á fronte.

Para EUROPA o 2001 podemos consideralo como un ano de avance sostido na súa expansión e consolidación. O EURO xa é unha realidade mañá, con todo o que supón de incomodidade, pero axiña veremos as súas vantaxes.

Para o MUNDO: o 11 de SETEMBRO. Esa é a data, ese é o final dun tempo e o verdadeiro comezo do TERCEIRO MILENIO. Unha agresión brutal contra toda a HUMANIDADE, en menos dunha hora milleiros de mortos innecesarios, impensables, inútiles para os obxectivos, se é que pode falarse de obxectivos, dos que o fixeron. Resulta moi difícil falar desa monstruosidade, por iso resístome a citar lugares, edificios, países ..., quédome cos milleiros de mortos, cos infinitos sufrimentos, coas familias enmudecidas que están a sufrir e sufrirán de por vida as consecuencias desa data inesquecible.

Tamén hai sufrimentos noutras áreas do mundo, e onde non.... Esa "nova guerra" que lle chaman, que ó final ten os mesmos efectos que todas ...., morte e dor, só ten unha posibilidade de chegar a ser considerada distinta dunha vez: se remata pronto e dá paso a un verdadeiro proceso longo e sostido de reconstrucción, recuperación e progreso verdadeiro de todos os pobos oprimidos, e dunha vez por todas a intelixencia que se presume teñen os que administran o poder e a forza toma o camiño claro de avanzar cara á UTOPÍA. Eles poden facelo, os demáis ... mantemos na convivencia e na TOLERANCIA ...., e soñar.

ATENEO FERROLÁN



SUMARIO

ATENEA
Revista Trimestral do ATENEO FERROLÁN
Nº 8 - xaneiro 2002

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN

Ateneo Ferrolán

REDACCIÓN

Luis Calvo Teijo
Fernando Ocampo Montesinos
Mª do Mar Villares Diaz

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Area dixital

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS

Leandro

ILUSTRACIÓNS

Geli Rodrigez
Óscar Ardao

CORRECIÓN LINGÜÍSTICA

Iolanda Otero López

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Rúa Madalena 202, 1º FERROL
Tlfnos. 981-357090 / 354098
FAX: 981-354098
E-Mail:a_ferrol@ teleline.es
Páxina Web: www.ateneoferrolan.org

Depósito Legal: C-1937/99
ISSN: 1575-9679

COLABORACIÓNS

Alexandre Nerium
Carlos Carballeira
Eliseo Zaera Rios
Fernando Ocampo Montesinos
Javi Pita
Joaquin Prados
Juan Torrente
Juanjo
Luis Alonso Girgado
Mª do Rosario Martinez
Nacho Doce
Natalia Fernández
Román Raña
Rosa Millán
Rosario Martinez
Shapiry Hakami
Tono da Graña
Txiki Calvo
Victor Carbajales
Xavier Alcalá




SERVICIOS DO ATENEO

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA-HEMEROTECA

Ó longo do último ano a biblioteca incrementou notablemente o seu volume. Sempre dentro da liña de acercar ós socios/as toda a información posible, presentamos aquí as últimas incorporacións que tivo a biblioteca, para que saiban o que está a súa disposición, e nos fagan suxestións sobre o que lles gustaría que tivesemos.

Como xa é sabido a biblioteca do Ateneo enfócase, principalmente, cara a temas ferroláns e neste sentido temos importantes novidades, como son :

"El Tercio Norte. Los infantes de marina de quartel de Dolores"
Ed. Deputación da Coruña.
"Arquitecturas da provincia da Coruña.Ferrol"
Vol.XIV. Ed. Deputación da Coruña.
"A antiga maestranza de artilleria,rectorado da Universidade da Coruña"
Ed. Universidade da Coruña.
"Donosiña"
de Xaime Quintanilla Ulla. Ed.Laura Tato.
"O legado bibliográfico de Rubia Barcia"
Ed.Liceo Rubia Barcia. Ferrol.
"Ferrol.Corazón de Navío"
de Xohana Torres. Ed. Concello de Ferrol.
"Ferrol en Torrente"
de José Antonio Ponte Far.Ed.Concello de Ferrol.



Aínda que o enfoque primordial sexa o de temas ferroláns, tamén sentimos moito interese por todo aquelo que teña

relación coa cultura galega, e neste sentido destacan, entre outras :

"Ciencia folklórica analítico-musical.Análisis de 252 alalás"
de Rogelio Groba. Ed.Deputación da Coruña.
"Bestiario en la escultura de las iglesias románicas de la provincia de A Coruña-simbología"
de Mª José Domingo. Ed.Deputación da Coruña.

As últimas obras representadas polo Centro Dramático Galego : *"A cacatúa verde"* e *"Rosalía"*.

No que respecta ás obras de referencia, incorporamos os últimos volumes da "Enciclopedia Gallega" e da Enciclopedia Galicia de Hércules de Ediciones e ademais adquirimos, recentemente, a "Enciclopedia Universal Galega" da editorial "Ir Indo".

Como últimas adquisicións :

"A man dos paiños"
de Manuel Rivas
"Contos colorados.Narracións eróticas da tradición oral"
ed.Xerais.
"Contos das 1001 noites"
ed.Xerais.

"Chirlosmirlos.Enciclopedia dos xogos populares"
de Antón Cortizas.

Sinalar que , como todos os anos , temos os últimos números das revistas :

Cátedra
Revista de Neda
Ferrol Análisis
Estudios Mindonienses

Por último dicir que, a hemeroteca segue incrementando os seus fondos, tanto de prensa como de revistas e que están a disposición de todos os socios.



UNHA LEMBRANZA E UN RECOÑECEMENTO MERECIDO E OBRIGADO

Non é frecuente nos colectivos humáns, nas organizacións de todo tipo conformadas por persoas, e o ATENEO FERROLÁN NON FOI EXCEPCIÓN tempo atrás, que un membro da súa Directiva, con fonda integración na Entidade, despois de haber asumido grandes responsabilidades e con moitos folgos e tempo para seguir na primeira liña, deixe esa función directiva sen deixar tensións, amigablemente, e sen que dito abandono fose provocado por liortas internas que sempre teñen que ver con posicións personais ou formas de entender o que debe ser a Sociedade.


Se ademáis este abandono só é dos postos directivos, e non do traballo ou certo traballo de colaboración coa "Empresa", conservando unha boa sintonía cos que seguen na responsabilidade de Direccion, a cousa xa ten unha dimensión digna de ser tida en conta nestes tempos tan insolidarios moitas veces, e sobretodo, merecedora de ser recoñecida e agradecida.

Estou a referirme nestas reflexións en voz alta, ó ateneista ben coñecido LUIS CALVO TEIJO. Non vou a descubrir nen a redefinir a LUIS CALVO, home tan vencellado ao ATENEO FERROLÁN nos últimos 14 anos, coas súas luzes e sombras, acertos e fallos, como é normal e humán, pero con entrega indiscutible e ganas de facer moito e ben. Tampouco quero facer un relato das súas aportacións á vida cultural deste ATENEO, que son moitas e algunhas permanecen e permanecerán. Nin se trata de botarlle incienso gratuíto nen tentar de ocultar erros e deficiencias que xa hai quen se encarga, demasiadas veces, de agrandar e xeneralizar, pois inimigos non hai que busca-los xurden con motivo ou sin él.

LUIS CALVO asumeu responsabilidades na Directiva do ATENEO FERROLÁN dende o ano 1987 e as mantivo ata comenzo do 2001. Pasou polas funcións de Secretario, Presidente e Vicepresidente. A súa entrega e dedicación foi total. É certo que tiña tempo para elo, e tamén é certo que ás veces un exceso de dedicación e presencia dunha persoa pode provocar efectos negativos o seu arredor. De calquera forma, estamos a falar de matices e "variantes" perfectamente asumibles que non teñen que ensombrecer unha laboura globalmente encomiable e merecedora de ser posta como exemplo a seguir.

Sae da Directiva na Asemblea Xeral de Abril deste ano 2001, mais continúa no Grupo de Redacción da nosa Revista ATENEA. Manter esta publicación é fundamental para o ATENEO. Temos que superar moitos atrancos para seguir con ela, sendo o máis crítico o económico, pero indudablemente ese equipo de redacción é clave para a súa continuidade, continuidade que pasa por unha mellora sustancial na elaboración, presentación e distribución.

LUIS CALVO é plenamente conscente da situación, e caladamente, na sombra dun traballo non vistoso pero fundamental, vai seguir sendo un exemplo para o ateneismo. Nesta cidade tan iconoclasta e tan dada ó desprecio e ó non recoñecemento dos que están a facer unha actividade altruista (as homenaxes case sempre fanse despois de mortos), síntome orgulloso de presenta-lo como unha realidade honrosa è que desexo seña imitada en outras instancias i Entidades.


ELISEO ZAERA RÍOS
Presidente



Sofía Casanova e os anceios de Polonia



Agora que Polonia está a piques de ser incorporada plenamente ás institucións da Unión Europea, lembrámonos especialmente de Sofía Casanova, unha das nosas escritoras de proxección internacional, que durante moitos anos loitou para que esta realidade de hoxe non fose soamente un soño imposible.

Sofía Casanova, -coruñesa de nacemento e polonesa de feito -xa que pasou a meirande parte da súa vida alá, e foi nai de polacas- ó casar en 1887 co intelectual polaco Wincenty Lutoslawski, soubo por propia experiencia o que era vivir no mesmo corazón de Europa, no que se refire á situación xeopolítica, e ó mesmo tempo pertencer a unha terra ocupada, humillada, sen dereitos, e mesmo negada a súa existencia como nación no mapa, á que únicamente miraban as potencias do continente no momento de repartírense o botín.

Perfectamente informada da historia e da realidade do seu pais de adopción, a galega foi testemuña e mesmo padeceu tódalas guerras e conflictos que tiveron como tráxico escenario aquelas fermosas chairas e viviu como cada un dos seus habitantes os momentos máis dramáticos, as tensions máis profundas que calquera ser humano pode chegar a vivir.

Escritora de certo prestixio xa antes de casar, Sofía Casanova dende o primeiro momento da súa chegada a Polonia, comprendeu o interese que tiña dar a coñecer a cultura polaca ós seus compatriotas e non dubidou en asumir unha das vocacións máis salientables que os poloneses tiñan dende séculos atrás: servir de ponte entre o Leste e o Oeste.

Consciente como era do enorme camiño que tiña que percorrerse, xa que, como dixemos, á terra do seu home víñaselle negando o recoñecemento da súa entidade política e mesmo o sitio nos mapas de Europa como nación, a galega comezou enviando cartas nas que describía a paisaxe e os costumes dos lugares nos que lle tocou vivir. Sen embargo, non se parou simplemente en dar a coñecer aspectos superficiais da realidade que ía descubrindo, senón que, comprendendo axiña que a súa escrita podía ser moi útil para abrirlle os ollos ós lectores occidentais -no seu caso ós españois, a meirande parte deles alleos ós esforzos colectivos do pobo polaco- foi retratando esa loita colectiva e propagando eses anceios seculares, esenciais para aqueles que a rodeaban.



Dobremente desterrada


Cando xa Sofía Casanova era Sofía Lutoslawska e, debido á preparación profesional do seu home, tivo que pasar un tempo en Dorpat -hoxe Tartu-, desde alí comezou a escribir xa as súas primeiras impresions da maneira de entende-la vida que tiñan os habitantes das que daquela chamábanse as provincias bálticas. Cando posteriormente houbo de trasladarse a Moscova e a Londres, porque así o requiría a preparación profesional do seu home, engadiu ás súas anotacións semblanzas de personaxes sobranceiros ou representativos de características que ela consideraba expresivas do temperamento eslavo.

Unha vez que o seu esposo acadou os requisitos necesarios para acceder a un posto de traballo no ensino superior, atopouse coa limitación legal de que ós profesores polacos non se lles permitía exercer na súa terra natal, de maneira que, xa que Lutoslawski nacera na parte de Polonia que anexionara Rusia, o matrimonio non tivo mais remedio que adentrarse no Imperio do Zar ata a alonxada Tartaria. Como o novo profesor impartía a súa docencia na universidade de Kazán, alí viviu o matrimonio varios anos. Dende alí Sofía comunicou as súas impresións daquelas exóticas terras e alí deu a luz á súa terceira nena.


Ó tempo que Sofía se ía convertendo nunha experta narradora -xa que daquelas iniciais pinturas dos pobos do Leste pronto pasou a concebir relatos máis complexos e mesmo novelas- tódolos seus traballos foron reflectindo as condicións de vida de Polonia e a idiosincrasia polaca, mostrada moitas veces de forma contraposta á maneira de ve-la vida dos rusos. Ela ben sabía que esta diferenciación non se tiña moi clara en España e comprendía que tiña que comezar por aí.

A súa testemuña, que nos primeiros tempos puido deberse ó mero feito de informar ou de comunicar a súa persoal aprendizaxe, chegou a se converter nunha característica constante, mesmo nas súas obras de ficción.

Nota do Ateneo:
Convídase ós socios que non o fixeran aínda, a que pasen polo Ateneo a recoller os exemplares do caderno de Sofía Casanova xa que non serán enviados por correo. Gracias.



ARTIGO



Xusto é mencionar aquí un dos seus relatos mais interesantes, escrito precisamente nestes anos, e referímonos ó titulado Sobre el Volga helado no que a galega conta unha das súas experiencias vitais máis impresionantes: unha viaxe de Drozdowo a Kazán. Despois de desprazarse pola nevada chaira polaca en trineo, ela e mailo seu home tiveron que colle-lo tren ata San Petersburgo e, dende Nizny Nogorod -hoxe Gorkiy-, continuar unhas cen leguas nunha kibitka ou trineo cuberto, esvarando pola superficie xeada do río Volga durante unhas corenta horas, rodeados dunha paisaxe completamente nevada.

Na súa primeira novela, que tamén concibiu nesta etapa, El Dr. Wolski, os personaxes, que son polacos, son verdadeiros voceiros da maneira de concebi-lo mundo que daquela tiñan os oprimidos poloneses e nela a escritora dá a coñecer ó lector os costumes, as tradicións e mailo ambiente que se respiraba nas casas e nas familias polacas.



A loita pola dignidade dos poloneses

A medida que foi pasando o tempo, e xa establecida despois en Cracovia, Sofía Casanova mantivo dunha forma consciente esta vontade de transmitir a idiosincrasia polaca e de divulgar a cultura propia do seu pobo adoptivo, que xa era a patria das súas fillas. A breve estancia en Mera pouco antes, o contacto coa súa terra de orixe, non fixera máis que reforzalo seu convencemento de que esa era unha das súas misións. A viciñanza dos intelectuais galegos que naquela época estaban loitando de maneira decidida polo recoñecemento da dignidade do pobo galego e da cultura galega, afirmara á coruñesa no seu afán.

Na terra do seu esposo, a galega estaba rodeada de apaixonados nacionalistas -o seu home o primeiro- e non cabe dúbida de que esa circunstancia, xuntamente coa súa sensibilidade con respecto das inxustizas das eran obxecto os que vivían ó seu redor, e que ela mesma sufría tamén, condicionouna de maneira irreversible no feito de ter abrazada como propia a causa dos patriotas polacos. Consecuentemente, púxose ó seu servicio coas forzas que ela tiña: as da súa pluma.

Os anceios de independencia entre os polacos, como é sabido, eran moi intensos. Cada polaco levaba dentro de si unha Polonia viva que non tiña territorio pero si entidade espiritual, e Sofía comprendeu dende o primeiro día este desexo, este soño común.

Cando, en 1905, tivo lugar o estoupido da primeira revolución rusa, durante a guerra ruso-xaponesa, os poloneses -como pasara tantas outras veces- pensaron que chegara o momento de revoltarse contra as forzas do Zar. A represión non se fixo esperar e, como acontecera noutras partes do Imperio, en Varsovia e noutras capitais polacas a poboación pagou duramente as consecuencias.


A arrepiante masacre de San Petersburgo alertou ós diarios máis relevantes de Madrid que quixeron informar do que estaba a pasar en Rusia. Xa que daquela unha gran parte de Polonia era territorio ruso, non dubidaron en mandar os seus máis afamados correspondentes (Alfredo Vicenti, Enrique Gómez Carrillo e Luis Morote) para que recolleran a información en directo.

Cando Luis Morote foi enviado a Rusia polo Heraldo de Madrid, periódico do ferrolán Canalejas, dirixido naquel momento por José Francos Rodríguez, e chegou a Varsovia, foi a propia escritora quen viaxou dende Cracovia, cidade onde residía, para informalo persoalmente do que alí estaba a pasar, e poñelo ó día no referente ás cuestións políticas e ós factores que conformaban aquela crise. Os datos que tiveron os lectores daquel periódico foron de primeira man gracias á disponibilidade e á concienciación da galega.

Correspondente dende a fronte oriental da guerra

A idea que tivo dez anos despois o director do ABC, ó estourar a primeira guerra mundial, de proporlle a Sofía Casanova o labor de informar ós lectores españois non foi pois nada estraña. De sobra sabían nas redacciós dos periódicos madrileños que ela era a axeitada para aquel traballo. Era unha muller, eso si, e non se trataba duha tarefa que normalmente fixeran as mulleres, pero o caso da galega era excepcional. O seu coñecemento daquel país era probado, o seu dominio do idioma, a privilexiada información do carácter dos belixerantes e das circunstancias que condicionaban a cotío ós militares e ós cidadáns da pé que ela tiña, o seu punto de vista -dende dentro e, ó mesmo tempo, dende unha óptica de estranxeira- facían dela unha correspondente ideal.

Soamente Carmen de Burgos, "Colombine", escritora almeriense, fixera algo semellante na guerra de África no verán de 1909. Sofía sería despois dela a primeira muller española correspondente de guerra e sen dúbida a primeira que fixo este labor de maneira permanente, día tras día e durante anos. Sofía informou a cotío ó longo de todo o proceso bélico e, cumprindo co seu compromiso, contou paso a paso o que vía que estaba a pasar ó seu redor, comentou os feitos máis relevantes, dou noticia dos acontecementos políticos e entrevistou a aqueles personaxes que polo seu salientable papel na historia espertaban un interese especial.



O destino da galega, tan determinado pola guerra como o dos poloneses, fixo que fose testemuña e víctima ó mesmo tempo dos bombardeos levados a cabo polo exército alemán, da desolación xeral ó ve-la patria arrasada e a terra aberta en boquetes, do arrepiante espectáculo que supuña ver chegar ós hospitais miles de feridos, graves uns, moribundos outros, mesmo queimados e envelenados polos gases (nunca tal cousa se vira e non se sabía qué lles facer), dos vaivéns da política do inmenso Imperio do Zar, da fame terrible que os bloqueos e a marcha da guerra provocou na poboación civil, e da destrucción de Varsovia.

Condenada a internarse polas terras de Rusia como os demais poloneses nunha retirada forzosa daquela Polonia invadida, Sofía Casanova continuou informando ós seus compatriotas dende Moscova e San Petersburgo, pero o seu punto de vista continuou a ser o dos polacos partidarios da Entente que sufrían aquel inferno esperando que, rematada a guerra, se lles recoñeceran os seus dereitos e a súa independencia. Nin en guerra a galega deixou de reclamar ese dereito e o cumprimento da promesa que lles fixera ós poloneses o gran Duque Nicolás.

Na capital do zarato atopariase aínda coas grandes manifestacións da poboación enardecida, coas enormes folgas dos obreiros rusos e coas masacres que virían despois como consecuencia da revolución de 1917. O seu labor informativo foi tan longo e tan difícil como tráxica estaba sendo a historia de Europa.

As crónicas que durante tantos anos mandou Sofía Casanova dende a fronte oriental da guerra de 1914, dende a Rusia revolucionaria ou dende Polonia, sempre estiveron impregnadas de humanidade. Os pequenos detalles que condicionan a nosa felicidade ou desventura, as anécdotas que aproximan ó lector ó lugar dos feitos e á xente común sempre indicaban nas crónicas da correspondente que se pode escribir sobre cuestions de alta política ou sobre o avance dunhas tropas sen perder de vista ó ser humano intrahistórico, que é precisamente a maior víctima de tódalas guerras pasadas e por vir. A súa sensibilidade feminina engadiu matices, a súa humanidade captou os acenos de dor dos máis anónimos e desfavorecidos ó paso que informaba dos asuntos propios do seu traballo ou se atrevía a entrevistar ó mesmo Trotsky no seu despacho do instituto Smolny. Sempre, eso si, a súa pluma comunicou o leste co oeste, na paz e na guerra.

O abandono e a soidade

Cando anos despois Sofía Casanova quixo informar das atrocidades do exército nazi en Varsovia, as autoridades españolas, que nun primeiro momento trataron de axudala, tapáronlle a boca. O director do ABC, periódico para o que ela traballara dende había trinta anos, escribiulle unha carta prescindindo dos seus servicios. Aqueles que noutrora a reclamaran para apoiar as súas causas -entre eles as altas xerarquías eclesiásticas do nacional catolicismo español- abandonarona tamén á súa sorte, esquecérona cando, xa moi velliña, só desexaba que lle escribiran algunha carta de España.

Sofía Casanova soñara con facer de ponte entre os seus dous países, arelara que a cultura polaca e a española convivisen e se enriqueceran mutuamente. Na súa casa de Cracovia fixera de embaixadora perante os escritores e os artistas polacos falándolle das nosas mellores obras e dos nosos grandes poetas. Soñara con que un día os españois, comprendendo que Polonia tiña unha cultura refinada e occidental, defenderan a súa posición na Europa libre, xa que dera á comunidade xenios tan esencialmente europeos como Chopin, Copérnico ou Mme. Curie. Soñara tamén con que a Polonia lle fora recoñecido o seu dereito natural de colaborar a construír unha Europa común e civilizada. ¿Merecía ese esquecemento? Pensamos que non. En realidade, foi unha adiantada do seu tempo, unha galega de proxección internacional que cría máis no que une ós pobos que no que os afasta.

Xusto será recorda-la súa figura e recoñecer o que puxo de seu nos acontecementos que están a suceder na Europa de hoxe.

por María do Rosario Martínez.



XENTES



LEMBRANZAS DUNHA BOA PERSOA EUGENIO GRANELL

Por Natalia Fernández

Comezar a traballar na Fundación foi chegar a coñecer o meu pai como artista e como ser humano. Como pai sempre foi moi cariñoso. Tamén tiña gran paciencia. O meu pai, durante a maior parte dos anos nos que vivín con el e miña nai, non tivo un "estudio". Decote pintaba sempre na sala da casa: alí tiña o seu cabalete, a paleta, a mesa cos pinceis, tubos de pintura, carbonciños, augarrás, panos para limpalos pinceis, colectores para os diversos pinceis, cristais para mestura-las cores, tapas de tarros nos cales facía as mesturas, incienso, cinceiros ou colectores varios para a cinza do sempre presente tabaco.



Como pintaba na sala e por alí pasabamos todos, non se molestaba cando se lle interrompía. De seguida me prestaba atención. Contestaba ás miñas preguntas, axudábame cos deberes. Canto levaba na súa mente e maxín alí continuaba logo da interrupción ou do breve momento da suspensión. O mesmo que nunca tivo necesidade de ter un ESTUDIO, tampouco se preocupaba por te-la LUZ axeitada para pintar. Pintaba igual con luz natural que con luz artificial. A idea dun gran estudio cheo de luz nunca foi unha necesidade nin algo que buscara nin que lle preocupara. Pintaba cadros maravillosos cheos de luz e córes sen necesidade do aparello que requiren tantos outros pintores. Non necesitaba espacios grandes nin privados para crear.

O meu pai tampouco necesitaba roupa especial para pintar. Iso sí, sempre ia moi ben vestido e limpio. Era un punto de orgullo. A cotío levaba grabata -un dos símbolos da súa elegancia- pero se un día non saía da casa ou non agardaba visita non se poña a garavata. Se á volta do traballo se poñía a pintar non se quitaba a gravata, nin a roupa que usaba para o traballo. Non era un pintor que ensuciara moito. Aínda que é certo que a miña nai se preocupaba moito de que o entorno de traballo sempre estivera aseado e cos utensilios de traballo estiveran en boas condicións. Iso -eu coido- era por dúas razóns principais: o meu pai pintaba na sala da casa (como xa falei) e a limpeza era algo que respectaba e desexaba e a miña nai preocupábase de que o lugar de traballo -e de vida social- asi estivera.

Isa sala-estudio tamén incluía os particulares olores do artista; un feito grato e unha especie de 'madelaine' persoal. Os olores dunha habitación chea de actividade na cal se mesturaban os aromas do traballo: os cheiros da augarrás e das pinturas de óleo; o incienso, o tabaco, o 'after-shave', a suor. Todas elas esencias indiscutiblemente pertencentes ó entorno no que vivía e traballaba o meu pai. Olores que provocan agradables recordos fogareños de harmonía e felicidade.

A música tamén era unha constante nesa habitación. Música clásica. Música de violín. Hai unha foto do meu pai tocando a guitarra. Dende logo non chegou a dominar este instru-







mento como acadou co violín, pero estudiaba e practicaba con gran empeño e dedicación. Coido que era unha maneira de descansar despois de longas horas de traballo.

Un dos regalos que meu pai me fixo, e que lembro con moito cariño, foi unha subscrición ó Columbia Music Club cando viviamos en Nova Iorke. Un dos primeiros discos que recibín -un vinilo- foi unha das sinfonías de Beethoven, penso que a Quinta; outro mes a sinfonía do Novo Mundo de Dvorak (que sempre me lembrou os cadros de Tanguy). ¡Que gran legado!. Convertínme nunha afeccionada a Beethoven. Asistía a tódolos conciertos gratis posibles en Manhattan. E, no ámbito literario, pero tamén con trasfondo musical, un regalo exquisito que aínda conservo: un volume de tapas vermellas con letras douradas e papel de Biblia das Sonatas de Valle Inclán. ¡Con que gusto as lin!. ¡O gran Marqués de Bradomín en pleno Nova Iorke! Tampouco me esquenzo do regalo de "Poeta en Nueva York" de Federico García Lorca; edición bilingüe de don Angel del Río, amigo e veciño perto de Columbia University. Nosoutros viviamos xusto fronte a esa universidade onde Lorca residíu e escribíu ese maravilloso volume.


Todas estas lembranzas nas que o meu pai é o eixo, o centro, están cheas de cariño e humanidade. O meu pai sempre foi xeneroso co seu amor e o seu afecto. Así como coa súa habilidade para animarme en todo e amosarme plena confianza.

Se sempre tiña tempo para a familia, tamén o tiña para os amigos. Eses amigos, en xeral, eran persoas creativas, imaxinativas e interesantes coma el e a miña nai. Na miña casa nunca faltaban a benvida, a comida, o tabaco e mailo viño xunto coa conversa. Ó principio, a maioría dos amigos eran exiliados como os meus pais: José Vela Zanetti, Serrano Poncela, Francisco García Lorca e Laura de los Ríos, Guillermina Medrano de Supervía, Vicente Llorens. Co tempo eran persoas do lugar: o grupo componente de La Poesía Sorprendida e Arturo Baeza Flores; Juan Ramón Jiménez (quen gustaba moito dos nenos e invitabános o meu irmán e a min a que pasaramos as tardes con el); o Rector da Universidade de Porto Rico, Jaime Benítez e a súa dona Lulú, o gobernador de Porto Rico, Muñoz Marín; Don Federico de Onís e a súa dona Harriet; a bióloga Graciela Candelas; a poeta Eunice Odio; o embaixador de Cuba Eduardo Abela; o pintor guatemalteco Alzamora; no seu momento tamén André Breton, Marcel Duchamp, Saul Steinberg, Menchu Lamas, Rafael Ferrer; o grupo do Mirador Azul que xurdíu entre os estudiantes de Artes Plásticas que estudiaron arte co meu pai en Porto Rico; Cipriano Rivas Cherif, director de teatro, familiar de Azaña, e quen introduciu á miña nai coma actriz no mundo do teatro.

O número de persoas, como xa dixen, era infinito. O feito de que moitas son coñecidas arrequecen o panorama en varias dimensións, pero tamén é certo que os meus pais sempre estiveron rodeados de xente que, coma eles -e non por ser famosos- eran (e son) BOA XENTE, como se di comunmente.

Ese é o gran regalo do meu pai: BOA PERSOA. Verdadeiro ser humano. Un ser xeneroso que sempre comparteu con todos canto tiña. O meu pai era magnánimo co seu tempo, coa súa amabilidade, co seu humor, co seu cariño, co seu respecto, coa súa admiración, co seu amor, coa súa amizade.

Tamén é un gran artista, gran escritor, gran poeta; puido ser un gran músico.
Pero sobre todo, *UNHA GRAN PERSOA* e un gran pai.



PUBLICIDADE

ARTIGO

A LOITA ENTRE O MAL .... E O PEOR

CLAVES:
A dor humana é a mesma proceda de donde proceda. O pobo dos Estados Unidos vale o mesmo, nin máis nin menos, que o de Afganistán, o de Palestina, o de Israel, o de Colombia ou o de Xapón. En definitiva, é o pobo do planeta Terra. A barbarie rexistrada o día 11 de setembro en Nueva York e Washington é tan condenable como calquera feito de violencia terrorista, é dicir, como toda acción violenta entre unha parte que arremete e outra agredida sen que tercie o aviso por parte da primeira con tempo suficiente de resposta por parte da segunda, ou sen que se declarase como tal un estado de confrontación.

As mulleres afganas sofren neste momento unha triple marxinación: en tanto muller, nunha sociedade na que predominan os esquemas de dominación patriarcais; en tanto ser humano víctima dun réxime dictatorial imposto polas armas; e en tant o unha conxunción das dúas anteriores, é dicir, víctima dun fundamentalismo de Estado que centraliza o obxecto da súa represión maioritariamente no xénero fiminino. O seu silencio é un triple silencio. A súa tortura é unha triple tortura. A súa soidade é unha triple soidade. O seu desamparo tamén é triple. Unha represalia conxunta a Afganistán como país protector do sospeitoso número un do ataque a EE.UU., Osama Bin Laden, suporía un cuarto elemento de marxinación para as mulleres afganas.

Esta represalia conxunta suporía unha hipocrisía por parte da comunidade internacional, na medida en que a poboación afgana, e en concreto a poboación fiminina, vive sometida a un réxime de terror dende moito antes que o pasado día 11 de setembro.
O terrorismo interno de Afganistán e anterior ó terrorismo sufrido a semana pasada pola poboación estadounidense, procedese este de Bin Laden, dun réxime fundamentalista ou de calquera outro inimigo das liberdades democráticas.

A situación de marxinación á que se ven abocadas as mulleres en numerosas partes do mundo, e que ten no terror fundamentalista de Afganistán un dos seus máximos expoñentes, é incompatible, cunha contenda bélica a longo prazo contra Afganistán. Esta só sería unha prolongación da violencia estructural que xa se dá no país asiático, e desprazaría o debate público a verdadeira necesidade da poboación afgana, e en concreto da súa poboación fiminina, como é a transición a un réxime de liberdades democráticas. Sería ademais un acicate para a xustificación interna da dictadura talibán; e a criminalización da opinión pública internacional hacia Afganistán podería poñer en perigo o traballo de tantas mulleres afganas que dende o seu país, ou desde outros países, condenan as continuas agresións que sofren as súas compatriotas, e en xeral a súa poboación por parte das leis e autoridades do terror fundamentalista.Todo o anterior, sen prexuicio de que todos os seres humanos que somos partidarios da democracia para todos os lugares do planeta, desexamos ver ó final de todos os réximes dictatoriais do mundo teñan a raíz que teñan. Pero a violencia só enxendra violencia. Bastante sufrimento padece xa a poboación fiminina, e en particular as mulleres afganas como para ser as víctimas inocentes dunha contienda bélica, que convertería o seu silencio en cuádruplo silencio, a súa tortura, en cuádruplo tortura, a súa soidade, en cuádruplo soidade, o seu desamparo, en cuádruplo desamparo. En definitiva, a súa triple marxinación, en canto que mulleres afganas e mulleres afganas en cuádruplo marxinación.

SHAPIRY HAKAMI

ARTIGO

DE "THE END" A "AS MUXICAS: VOLVER A EMPEZAR"

A vida, a outra vida, esta vez en 35 mm., volveu á Casa do Grelo, no lugar de As Travesas, no concello de Monfero e veu parida polo director fenés Carlos Alberto Alonso. No seu último traballo, a maxia de Monfero foi o niño axeitado para este parto cinematográfico.

Unha historia vencellada ó rural galego, onde a presencia da morte na vida ou a chamada da vida ó achegarse á morte, tan familiar ó sentir galego, enmárcase nun contorno esquecido polas follas do calendario.

Fóra dos 35 mm., un Monfero en obras; beirarrúas novas para os viciños que vivían a rodaxe co interese e a curiosidade propia dun lugar tranquilo e afastado do bullicio, onde semella nunca pasar nada.

A avoa Carme, de "Pratos combinados" e mailo alcalde de "A lingua das bolboretas" convertéronse durante uns días nos únicos protagonistas desta curtametraxe.

O outro protagonista, o actor secundario, o ambiente, o agro galego. As muxicas, volveron a crepitar na lareira deste recuncho de Monfero, lembranza doutros tempos, revivir dunha vella casa onde os outros, os intrusos por uns días,

Fely Manzano e Tucho Lagarés, encarnan unha parella como moitas, habitantes habituais das nosas vilas alá nos comezos do século XX.

Entre eles, coma convidados entre unhas lúgubres paredes que nunca tal viran, o novo equipo do centro de estudios cinematográficos de Catalunya, así coma representantes galegos e mesmo ferrolterráns, ou mesmo equipo de bombeiros de Ferrol que axudou a crear unha cinematográfica chuvia de tan só uns metros cadrados, unha pequena nube que calou nos protagonistas nunha das escenas da rodaxe, ollada con paixón polos viciños de As Travesas.

A maxia do cine, que sen dúbida formará parte do espírito deste lugar, quedará tamén prendida coma muxicas nas retinas dos viciños de Monfero que trala montaxe e a presentación destes metros de rodaxe, acudirán con curiosidade a olla-lo traballo realizado por Carlos Alberto Alonso e dirán: "Eu estiven alí".

Que as muxicas prendan tamén no traballo deste novo director fenés e que os fados lle sexan propicios. Neste caso "The End", foi por primeira vez no cine, non o final, senón o prólogo do que esperamos unha longa carreira cinematográfica.

Carlos Alberto Alonso nado en Ferrol e criado en Fene leva anos dedicándose á preparar o que desexamos que sexa unha carreira fructífera para o audiovisual galego. Artista inquedo a súa traxectoria comeza nos cursos de formación ocupacional do Concello de Fene onde por primeira vez colle unha cámara nas súas mans coa intención de contarnos as historias que inundan a súa cabeza. Dende aí e ata o seu último traballo, segundo en cine (35mm) Carlos Alberto ten pasado polas televisións locais de Ferrol como cerebro do programa musical xuvenil Gorevisión, achegouse á Escola de Imaxe e Son da Coruña onde tivo a súa primeira oportunidade de achegamento ó celuloide coa obra "The End", unha especie de thriller psicolóxico con influencias fantásticas, para rematar gracias á axuda da Deputación da Coruña no Centro de Estudios Cinematográficos de Cataluña (CECC), onde tras varios anos de aprendizaxe nas especialidades de dirección e guión viu crecer o seu último proxecto para cine "As muxicas" (35mm) outra curtametraxe tinguida nesta ocasión de realismo máxico na que o autor rende homenaxe á literatura de Poe, de Cunqueiro ou do mozambiqueño Mia Couto. Este traballo subvencionado polo ICAA do Ministerio de Cultura e o Concello de Fene é ata o de agora o seu proxecto máis cobizoso e conta coa participación de Feli Manzano e Tucho Lagares actores consagrados en Galicia que ademais de ser matrimonio na vida real exerceran os seus respectivos papeis nesta curtametraxe que sen dúbida está chamada a xermolar esa semente enxebre que precisa o audiovisual galego para achegarnos por fin a un Cine Galego con letras maiúsculas que sexa noso e a un tempo universal. Eso agardamos

por Joaquin Prados Casal

Eça en exposición

Por Xavier Alcalá

Cun século de atraso, España acorda á realidade de que José Eça de Queiroz existiu. "Eca", sen cedilla, era un personaxe raramente mencionado nos libros de Literatura do bacharelato -aqueles que se só daban unha listaxe de autores prohibidos polo sistema: un sistema español que vetaba os "rojos" e os pecadentos; e os periféricos, os que pertencían a culturas molestas para o poder de Madrid.

Co mesmo desdén que recibían Pla (por catalán) ou Cunqueiro (por galego), todos os portugueses eran tratados -mesmo que fosen autores xeniais coma o de A Relíquia.

A Relíquia, sempre no índice de obras conducentes ao pecado, merecentes de inferno para quen as ler, foi o primeiro libro que lin en portugués. Rouboullo un amigo ao pai, bibliófilo coruñés que tiña un especial olfacto para o bo de Literatura Universal.

Eramos rapaces, case cativos, e xa nos picaba a curiosidade polo que se puidese agachar alén da fronteira inxusta do Miño. Estudiantes no Madrid dos anos 60, todo o que fose contravir prexuízos parecíanos pouco.

Por iso lemos (el primeiro, eu despois con comentarios) a novela irreverente sobre o sobriño larchán da dona Patricínio, beata de Lisboa que non puido viaxar a Terra Santa e logo mandou alá aquel "relaxado vadio".

Como gozamos o humor atroz de Eça... Ata hoxe, cando, xa homes maiores, con netos, podemos falar das mesmas ridiculeces da Palestina e da Xudea que foron motivo de burla para o noso narrador favorito. As nosas experiencias de viaxe son paralelas ás súas.

Eça en portugués, como Orwell en inglés, son os meus autores para reler. Para imitar sen pudor.

Cando chegou o centenario do xenio da Póvoa de Varzim (que viviu de menos por culpa dunha doenza que no seu tempo non tiña cura), amigos relacionados coa Literatura, profesionais dela, críticos de revista, sabendo das miñas lecturas, pedíronme consello. Aconsellei "todo o de Eça", e vimos que non había case nada traducido ao castelán (O crime do padre Amaro, da man de Damián Villalaín, a penas). Houbo que recorrer ao francés e o inglés.

E coas traduccións das obras de Eça ao inglés pasounos como coa de La Regenta de Clarín: só se perden matices, exquisiteces, ao lermos, por exemplo, Os Maias. En lingua allea e distinta, fica retratado o Portugal da decadência das fins do século XIX.

Ese labor foi o que se propuxo o diplomático que tan ben coñecía as linguas maiores de España, Francia e Inglaterra: retratar o seu mundo no seu idioma, para o Mundo.

Eça renovou o portugués literario e refixo a Historia de Portugal en todos os detalles, ata nos íntimos que son luzadas ferintes de O primo Basílio. Léase Língua e estilo em Eça de Queiroz, do ferrolán Ernesto Guerra da Cal (oculto pola filoloxía oficial de España na súa condición de "disidente"). Coñeza o lector ata que punto -por exemplo- o famoso "regionalista" Valle-Inclán imitou e mesmo copiou o facer de quen en España, sempre virada de costas a Portugal, só era mencionado por Unamuno...

Cómpre congratularse pola iniciativa do Ateneo Ferrolán; porque fixo que en Ferrol se saiba da vida e -pecadosos- milagres de José Eça de Queiroz, o da pluma aguda e afiada coma bisturí; e porque, coa lembranza do romancista maior dos que xamais escribiron en portugués, vén a nós a do maior de todos os tratadistas sobre tamaña obra.

Recorde Ferrol que Ernesto Guerra da Cal fixo de Eça o que ningún portugués daría feito.

Velaí polo que a República de Portugal premiou o seu labor dándolle nome a un galardón prezado polos ensaístas en portugués.

Teña en conta esta cidade de escritores que Guerra da Cal tamén fixo de Rosalía Castro unha poetisa de renome mundial; e que en Galicia pouco se sabe do grande ferrolán, escritor sobre escritores.

Tan pouco que nin sequera hai unha rúa en Ferrol co seu nome...

Aínda ben que o seu bo amigo Ricardo Carvalho Calero ten espacios ferroláns que o lembren.

En fin: gloria haxan Eça e Guerra, tan gloriosos esquecidos.



GRUPO MINUSVÁLIDOS de FERROL



O colectivo de persoas con discapacidade de Ferrol, levamos unha morea de anos loitando pola integración social, nun principio agrupados dependendo da igrexa como FRATER e, posteriormente en movementos sociais ou en asociacións como a nosa "Gruipo Minusválidos Ferrol" que vén desenvolvendo a súa actividade dende os anos setenta.

Nestes case trinta anos de andadura podemos darnos conta de que os avances na integración social foron significativos nalgúns aspectos coma as barreiras arquitectónicas, na integración escolar, cos recursos nas escolas coma coidadores, no aumento dos Centros Especiais de Emprego coma unha medida de pseudo normalización laboral, e o crecemento de asociacións de minusválidos tanto no ámbito galego coma no Estado Español.

A realidade actual, hoxendía, dista moito de dar cumprimento á Lei de integración social dos minusválidos, de 13 de xuño de 1982, que abarcaba tódolos aspectos necesarios para acadala integración e, que pese ós avances expostos as asociacións de base teñen a obriga de denunciar tódolos dereitos que se están a incumprir e que impiden que as persoas con discapacidade poidan desenvolver a súa vida coma os demais cidadáns.

En primeiro lugar denunciar o camiño que levan as grandes organizacións de defensa dos dereitos do noso colectivo, agrupando ou "diluíndo" as asociacións locais, esquecendo a súa potenciación cos recursos que precisen e tendo en conta que son realmente as que coñecen máis de perto os problemas das persoas con minusvalía, tendo que resolver cuns medios materiais e humanos paupérrimos as necesidades que nos demandan.

O dereito á educación atópase cunhas escolas sen accesibilidade, sen transporte adaptado, nin público, nin gratuíto. ¡A meirande parte dos rapaces e rapazas van á escola en taxis, ambulancias, furgonetas das asociacións, sen coidadores nin adaptacións ou estudan na casa!

O dereito a unha cidade accesible para todos pasa por non ter vados en tódalas rúas, nos comercios, colectores de lixo, edificios públicos, centros culturais, deportivos, sociáis e lúdicos en xeral... O transporte público, buses, autocares e outros non cumpren os requisitos necesarios para as persoas con mobilidade reducida para que poidan acceder facilmente a eles. ¡Na comarca de Ferrolterra non hai un aseo público axeitado a unha cadeira de rodas!

O dereito ó traballo, nunha empesa ordinaria, semella ter desaparecido das reivindicacións e obxectivos das organizacións "representativas" do noso colectivo. É necesario lembrar que os CEE deberían ser un paso real naqueles casos específicos das persoas gravemente afectadas para a súa integración nunha empresa ordinaria, cos apoios necesarios, tanto técnicos como económicos evitando deste xeito a permanencia nos Centros Especiais de Emprego dunha persoa con discapacidade durante toda a súa vida laboral. ¡A maioría dos minusválidos fisicos dos CEE galegos, poderían estar en calquera empresa ordinaria!

A universalización dos Servicios Sociais deberá ser unha loita prioritaria de tódalas ONG'S nas que o obxectivo máis importante sexa a LOITA CONTRA AS DESIGUALDADES E A EXCLUSIÓN SOCIAL. O achegamento ás persoas con necesidades sociais da "información" de tódolos seus dereitos, subvencións, pensións, axudas de emerxencia, axudas do menor, axudas técnicas, psicolóxica, orientación e, non ser o freo que moitas veces é, para acada-las solucións dos problemas que conlevan a marxinación social en tódolos seus aspectos. ¡Os Servicios Sociais teñen a obriga de acada-los medios e recursos para que as persoas beneficiarias deles deixen de selo...! Dende a nosa posición de Asociación "GRUPO MINUSVÁLIDOS DE FERROL", facemos un chamamento a tódalas persoas con discapacidade para que se unan e loiten pola defensa dos seus intereses alí onde consideren, e as PERSOAS que sofren a DESIGUALDADE e a EXCLUSIÓN que traballemos todos xuntos por unha sociedade de todos e para todos.

Ferrol, novembro do 2001
Xuan Maroño
Presidente



ESCOLA DE MULLERES "SIMONE DE BEAUVOIR"

O punto de partida

A Escola de Mulleres Simone de Beauvoir ten a súa orixe na "Escuela Experimental para la Mujer Simone de Beauvoir" de Madrid. No 1986, participei nun obradoiro que elas realizaban nunhas xornadas do "Instituto de la Mujer" sobre "Asociaciones de Mujeres y su problemática".

Levaba anos vinculada ó movemento de mulleres e outros colectivos nos que se realizaba un traballo de "concienciación..." e o novedoso do encontro coa Escola de Madrid, foi que dunha forma orixinal, sinxela e "revolucionaria" para min, se respondía por unha parte no persoal..., -"o persoal é político"- xa que facía que "ó partir dunha mesma..., do que me pasa..., do que sinto..., e do que desexo..." resultaba unha técnica eficaz no senso de posibilitar "transformar a nosa realidade, partindo en todo momento do desexo de cada muller".

E por outra esta forma de traballo recollía istes interrogantes e permitía considerar outros...
... para que nos sirve ás mulleres "o sociocultural"...?
... qué hai detrás da oferta sociocultural para mulleres..?
... hai diferencia entre a oferta pública e a das propias asociacións...?
...que buscamos as mulleres que INTERVIMOS neste espacio...?
...que papel xogamos...?
... que espacio ocupamos...?
...que buscan as mulleres que acoden ás asociacións...?

Expliquei a Deme Alonso, da Escola de Madrid, a actividade que neses momentos estabamos realizando na Asociacón Cultural de Mulleres Concepción Arenal de Ares, Pilar González García, psicóloga e sexóloga; María Iglesias Pérez, psicóloga clínica e psicoanalista e eu, na búsqueda de "outras actividades"... que non "normalizaran", (de "norma"), o que sentimos e vivimos as mulleres no desexo de transformar a nosa realidade.

A Escola de Madrid recolleu o meu desexo de formación na súa metodoloxía, e despois de dous anos, no 1988, en Ferrol iniciamos a nosa andadura como "Escola de Mulleres Simone de Beauvoir" ó abrigo da "Escuela de Madrid". Pilar compartiu dito proxecto ata o ano 95 e dende enton ata hoxe, María e eu, somos as que na actualidade formamos a escola.

A "Escola" de Galicia: qué facemos

Posibilitar, no ámbito do sociocultural para mulleres, un espacio "alternativo... espacios referenciais de identidade propia", para autocoñecemento e crecemento persoal dende unha filosofía non androcéntrica, onde sexa posible:

-unha nova percepción e vivencia corporal: meu corpo é a base de miña identidade.
-onde non se tapone o desexo de cada muller.
-"resituarnos" mellor no avanzado... para que cada muller poida articular o seu propio proceso de cambio conforme ós seus desexos...,
-onde non se perpetúe o desencontro das mulleres con elas mesmas...,
-un simbólico propio: autorización de ser o que son muller: o pracer polo que son e o gusto polo que fago...; o modélico dunhas para outras; o recoñecemento da autoridade feminina; a mediación; a xenealoxía feminina...





Esta formación non-androcéntrica realizámola en dúas clases de intervencións:

*formación individual de mulleres que queren saber máis sobre elas mesmas

*formación de mulleres profesionáis que traballan con mulleres.

Estas son algunhas das programacións máis realizadas:

*Reafirmación persoal/identidade: a autoestima.

*Mulleres que traballan con mulleres: a mediación feminina.

*Benestar/Saúde: o amor/os vínculos afectivos.

*Benestar/Saúde: a menopausia.

*Benestar/Saúde: o pracer de ser corpo: a miña sexualidade.

*O meu "guión de vida": de qué vou pola vida.

*As relacións nai/filla: a xenealoxía feminina.

¿Como facemos o noso traballo?

Pola nosa forma de traballo situámonos dentro do que se chama "psicoloxía dinámica"; e que engloba diferentes técnicas: Gestalt, Análise Bioenerxético, Análise Transacional, terapia non directiva, Psico-drama e Psicoanálise. En todas elas se considera á persoa como un "todo", na búsqueda do equilibrio entre as tres partes fundamentais do ser humano: a nosa mente, o noso corpo e os nosos sentimentos.

Presentamos as nosas programacións ás diferentes administracións ou colectivos de mulleres, dentro e fóra da nosa comunidade autónoma, e colaboramos ininterrumpidamente co Concello de Vigo dende o 1989, e en Vigo, no 1995 concederon á Escola o Premio Alecrín "polo traballo realizado a favor da dignidade da muller a través do autocoñecemento e o seu desenvolvemento persoal e como colectivo". Dende 1988 ata hoxe son máis de 2300 mulleres as participantes nos cursos de formación.


Rosa Millán

Coordinadora da Escola

Técnica en animación sociocultural con formación en psicodrama psicoanalítico

Agradecemos ó Ateneo este espacio para falar de nós.

Rogamos ás persoas interesadas neste tipo de traballo poden poñerse en contacto con nós chamando ó teléfono 981 47 01 51







ASPANAES:¿Quen somos?.

ASPANAES é unha asociación de pais de persoas con autismo e outros trastornos xeralizados do desenvolvemento (T.X.D.) da provincia da Coruña. Trátase dunha entidade privada sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública.

A asociación oferta unha ampla gama de servicios, tentando dar resposta ás necesidades que presentan as persoas afectadas por estes trastornos ó longo do seu ciclo vital.

¿Que son os trastornos xeralizados do desenvolvemento?

Os trastornos xeralizados do desenvolvemento (TXD) constitúen unha perturbación grave e permanente de varias áreas do desenvolvemento. Deste xeito, as persoas afectadas por estes trastornos presentan:

* alteracións nas habilidades de interacción social (problemas na relación cos outros)
* alteracións nas habilidades para a comunicación (ausencia ou retraso na linguaxe, linguaxe repetitiva, literalidade...)
* alteracións na imaxinación (problemas co xogo, problemas co uso funcional dos obxectos e xoguetes, ausencia ou problemas co xogo simbólico...)

Ademais, poden presentar comportamentos, intereses e actividades estereotipados (balanceo, aleteos, rituais, obsesións...).

Dentro dos T.X.D. englóbanse as seguintes síndromes ou trastornos:

* **Trastorno autista**
* **Trastorno desintegrativo Infantil**
* **TXD non especificado, autismo atípico**
* **Síndrome de Asperger**
* **Síndrome de Rett**

A afectación de estes trastornos soe ser maior no sexo masculino, agás no síndrome de Rett, que afecta só ao sexo feminino.

Estes trastornos manifèstanse nos primeiros anos de vida, e poden ir asociados a algún grao de retraso mental, epilepsia, hiperactividade ou outros trastornos.


A aparente normalidade que moitos dos/as nenos/as con T.X.D. mostran no seu desenvolvemento inicial, provoca que as súas alteracións sexan detectadas, xeralmente, de forma tardía. A importancia da detección precoz radica na posibilidade de proporcionar, o antes posible, unha intervención psicopedagóxica axeitada, ao neno/a e a súa familia.

¿ Que servicios oferta ASPANAES?

A nosa asociación tenta ofertar unha ampla gama de servicios de xeito que se cubran as necesidades básicas das persoas afectadas por estes trastornos nos diferentes ciclos da súa vida. Ademais, tentamos cubrir a maior parte dos ámbitos (educativo, social, psicolóxico, ocupacional...) en procura dunha boa calidade de vida.

Na actualidade están a funcionar os seguintes servicios:





SOLIDARIEDADE



SOLIDARIEDADE


Na actualidade están a funcionar os seguintes servicios:


* Centros educativos. Contamos con catro Centros de Educación Especial ubicados en Ferrol, A Coruña, Santiago e As Pontes. Nestes centros impártense aprendizaxes de obxectivos e contidos adaptados das diferentes etapas escolares, completándose con terapias individuais da linguaxe e programas de aprendizaxe de habilidades de autonomía persoal e de habilidades de interacción social. Nos nosos centros ofertamos diversas modalidades de escolarización atendendo ás necesidades específicas de cada neno/a: escolarización total (centro específico) o escolarización combinada (centro específico-centro ordinario).



* Centros de día. Dispoñemos de tres Centros de Día situados en Ferrol, Santiago e Culleredo. Estes centros están destinados á habilitación persoal daqueles mozos/as maiores de 20 anos, cuia minusvalía lles impide integrarse provisional ou definitivamente nun centro laboral. Os obxectivos xerais que se traballan nos centros tentan potenciar a autonomía persoal, a capacitación e integración no entorno laboral e a procura da integración social.
Nos Centros de Día, os mozos/as participan de distintas actividades encamiñadas á vida laboral. Entre a diversa gama de talleres que ofertamos podemos citar os seguintes: agropecuario, comunicación, lavandería, tarefas domésticas, cerámica, reciclaxe de papel, encadernación, cestería...

* Residencia. Dispoñemos dunha residencia situada en San Pedro de Leixa (Ferrol), que presta un servicio de internado a un máximo de 25 mozos/as, quedando dúas prazas en reserva para estancias temporais por necesidades urxentes (persoais ou familiares). A residencia está aberta os 365 días do ano, prestando diferentes modalidades de internado en función das necesidades dos/as mozos/as e das súas familias. A idade de admisión é a partir dos 16 anos. Os mozos/as acuden diariamente, en función da súa idade, ós nosos centros de día ou colexios. Pretendemos ser un segundo fogar para eles, ofrecéndolles unha atención xeral e coidados básicos e asistenciais, ao mesmo tempo que se fomenta a participación noutros servicios (tarefas propias do fogar, fomento da autonomía no autocoidado, actividades de ocio, reforzo das habilidades sociais...) dirixidos a acadar unha boa calidade de vida. Tamén contamos cos servicios dun médico colaborador que se encarga de atender ás necesidades sanitarias dos mozos/as.







Outros servicios:

* Equipo psicopedagóxico. Son os responsables de levar a cabo, entre outros, os seguintes servicios:
* Valoración diagnóstica.
* Seguimiento da evolucióndo desenvolvemento das persoas con T.X.D.
* Orientación educativa e laboral.
* Atención e asesoramento ás familias.
* Administración. Encarregados de levar a cabo toda a xestión económica, financieira, fiscal e laboral da rede de centros que dependen da entidade. Prestan tamén, servicios de asesoramento familiar en temas administrativos e legais.
* Respiro familiar. As fins de semana ofértanse no centro de San Pedro de Leixa xornadas de respiro familiar a usuarios maiores de 12 anos.
* Escola de pais. A asociación organiza xornadas para a formación, xuntanza e asesoramento dos pais.
* Cursos de formación. A asociación organiza cursos impartidos polos profesionais dos diversos centros e por outras persoas invitadas, dirixidos a aquelas persoas que lles interese formarse como terapeutas de persoas con T.X.D.
* Ademais, contamos con outros servicios como: transporte, comedor...



ASPANAES e o futuro:

Somos unha asociación dinámica que avanza pouco a pouco, tentando cubrir as necesidades que xorden para continuar a mellorar os nosos servicios. Son moitos os pasos que quedan por dar, e por tanto, os novos servicios que queremos ofertar. Deste xeito os nosos profesionais están en continua formación, pois nesta problemática quedan moitos aspectos por descubrir. Ademáis, tentamos obter os recursos necesarios para levar a cabo proxectos que proporcionen unha mellor calidade de atención ó noso colectivo (proxecto de empleo con apoio, ampliación da nosa rede de centros...). Para acadar todo isto é moi importante a colaboración das Administracións locais, autonómicas, estatais e da CEE, así como a colaboración das persoas asociadas á nosa entidade.

Por outra banda, contamos cun proxecto de voluntariado, onde diferentes persoas acoden aos nosos centros prestando servicios de apoio dun xeito solidario.


Un maior coñecemento social desta problemática facilita, así mesmo, unha maior integración das persoas afectadas por estes trastornos na nosa sociedade.

Se dexesades coñecer un pouquiño mellor a nosa asociación, podédesvos poñer en contacto con nós en:

ASOCIACIÓN ASPANAES
Sede social: C/. Camino de la iglesia, 40 bajo
Telf.: 981 13 00 44 - Fax: 981 13 07 87
15009 A Coruña

RESIDENCIA ASPANAES
S. Pedro de Leixa- Ferrol.
Telf: 981 32 42 35

COLEXIOS E CENTROS DE DÍA
Castelo- Culleredo. Telf.: 981 67 09 76
Elviña- A Coruña. Telf.: 981 29 35 52
S. Pedro de Leixa- Ferrol. Telf.: 981 32 00 91
Lamas de Abade- Santiago. Telf.: 981 59 65 89
As Campeiras- As Pontes. Telf.: 981 45 21 06






PROGRAMACION



PROGRAMACION

Se queres estar ó día das actividades que estamos a facer, así como de tódolos servicios de que dispoñemos no Ateneo consulta a nosa páxina Web do Ateneo, nela atoparás datas concretas e horarios de tódolos actos.

ateneoferrolan.org



DÍA MUNDIAL DO CINE

Mércores 13 de Febreiro
Conmemoración do Día Mundial do Cine



MARATÓN POLA PAZ
Día 30 de xaneiro

Como vén sendo tradicional nos últimos anos, no Ateneo celebraremos o Día da Paz cun RECITAL POÉTICO, coa participación de poetas, cantautores e artistas plásticos que poñerán a súa arte ó servicio da PAZ , o AMOR e maila CONCORDIA.

CICLO CINE : "MULLERES"

O mes de marzo, lembramos e conmemoramos o Día Mundial da Muller con diversos actos, charlas, exposición e un ciclo de cine dedicado á Muller

POESÍA

O longo deste primeiro trimestre do ano celebrarémo-la presentación do libro: "POEMAS EN TERRA HÚMEDA" de Gloria Teiga Freijomil

XORNADAS DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Estamos a preparar unhas xornadas de Literatura infantil e xuvenil no que contaremos coa participación de diversos invitados especialistas neste tema tan importante na nosa lingua e nas cales contaremos coa presencia como invitado de honra co escritor ferrolán Juan Farias nominado candidato, pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, ós Premios Andersen. Este Premio é considerado o máximo galardón internacional que se concede á obra dun autor de literatura infantil.

CICLO: "O ISLAM"

O mes de xaneiro comezamos un ciclo de cine sobre o Islam, no cal terá lugar unha conferencia o venres 25 de xaneiro ***"O integrismo islámico"***, a cargo de **D. Manuel Recuero**, vice-rector do Campus de Ferrol, da Universidade da Coruña, actividade organizada en colaboración coa asociación ***Raiolada***.



Homenaxe Antolóxica a un Pintor Ferrolán



O ATENEO FERROLÁN vén de consolidar, coa súa sexta edición, unha actividade cultural de gran nivel e transcendencia, HOMENAXE A UN PINTOR FERROLÁN.

Comezamos no ano 1996, no ATENEO, con CARLOS VILLAAMIL. Dende o mesmo día da inauguración consideramos tentar de facer esta exposición anual dedicándolla a artistas en activo, en vida, e alí mesmo comprometemos a do ano 97 con FRANCISCO IGLESIAS, para nós PACO IGLESIAS. Coa exposición en marcha, en proceso de preparación, váisenos PACO de súpeto. Considerando que era necesario darlle a esa homenaxe un nivel máis axeitado, por riba da área dunha Entidade como o ATENEO acadamos a colaboración da concellería de Cultura do Concello de Ferrol e dese xeito pasamos a exposición ós amplos espacios do Centro Cultural Torrente Ballester.





En 1998 chegamos a tempo de renderlle honra en vida ó gran RICARDO SEGURA TORRELLA que morrería pouco despois.

Seguimos no ano 99 con outro gran artista en activo, XOÁN XOSÉ BRAXE, a quen desexamos unha longa e fructífera vida nas súas facetas artísticas máis salientables, a pintura e a escultura.

A homenaxe do 2000 foi para XOSÉ LEYRA DOMINGUEZ que tivo grande sona pola súa dimensión humanística e docente e tamén polas súas amplas relacións persoáis e epistolares coa intelectualidade galega do seu tempo. Unha delas, por certo, pouco coñecida e menos publicada foi a que tivo XOSÉ LEYRA con TOMAS BARROS ata os últimos días da vida do homenaxeado neste 2001.





A TOMAS BARROS PARDO, pola súa creatividade artistica nos eidos da poesía e o teatro dedicámoslle, ademais da exposicion de pintura sendas veladas, poética unha e de teatro outra coa estrea da súa obra "Cos ollos do morto". Ámbolos dous actos acadaron un gran éxito, de público sobretodo, que non ta nto de prensa, pois dun tempo a esta parte, para alguns medios, parece que o ATENEO FERROLÁN non existe ou existe pouco ou menos ....

É posible que non cheguemos a uns niveis, a úns comportamentos merecedores de consideración por parte dos árbitros da vida cultural da cidade.




ATENEO FERROLÁN



PADROADO MUNICIPAL DA MÚSICA E AS ARTES ESCÉNICAS: UNHA NOVA VISIÓN CULTURAL

O pasado mes de setembro constituíuse na nosa cidade o Padroado Municipal da Música e as Artes Escénicas que abre unha nova dimensión na xestión destas artes en Ferrol e que funcionará coma un organismo autónomo. Conseguir que este novo ente xestor comezase a funcionar foi unha das columnas vertebrais da actividade da Concellería de Cultura actual, presidida por Bonifacio Borreiros, e que se presume como un dos estandartes culturais máis importantes de Ferrol para este presente e anos vindeiros.

No intre da cegada a esta Concellería de Bonifacio Borreiros detectóuse a falta dun proxecto serio e de futuro para as artes escénicas e muxicais, desasistidas durante anos e abocadas a un funcionamento puramente decorativo nunha cidade que outrora destacou polo seu vangardismo cultural. A situación no ano 1999 era de desamparo total cara estas artes, agudizada esta crisis polo feito de que a infraestructura máis importante de Ferrol para estas actividades, o Teatro Jofre, permanecía pechada e sen perspectivas claras de cando comezarían unhas obras desexadas por tódolos ferroláns e atreveríame a dicir tamén por tódolos galegos, por ser este Teatro un dos máis importantes da nosa Comunidade. Cando este espacio desaparece momentáneamente a programación esfarelase ata prácticamente a súa desaparición. É por iso que a creación do Padreado intenta asentar unhas bases para reconducir unha situación caótica, deseñando unha nova estructura que dea estabilidade a unha programación que, nos dous últimos anos, medrou en cantidade, e sobre todo en ca-lidade, algo que conlevará a una estabilidade de público, que nun futuro cercano será quen encha as novas butacas do Jofre.



Logo de dous anos de conti-nuas loitas, por fin conseguíu a Concellería de Cultura o inicio das ansiadas obras, pero xa dende ese ano 99 comezouse a traballar nun proxecto de contidos para ese gran contedor que será o Teatro Jofre dentro de dous anos. Entendíase que un proxecto de futuro debería ter un marco legal diferenciador do propio Concello e un órgano autónomo de carácter administrativo que puidese xestionar todo o referente ás artes escénicas, asumindo este risco o departamento de Cultura.

Os fins desta institución quedan ben delimitados nos seus estatutos nos que se contempla que "Constituirán os fins de este organismo a xestión e administración das accións específicas promovidas polo propio padroado, xa sexan en materia de actividades de ensino, artísticas, promoción, concertación e concurso, ou de cualquera outra índole no desenvolvemento das artes musicais, escénicas e audiovisuais, así como o mantenemento das debidas relacións de coordinación con organismos públicos ou doutras entidades para a realización, actualización e perfeccionamento dos

seus obxectivos". Con iso o novo Padroado gozará de personalidade xurídica propia e poderá posuír, conservar e administrar toda clase de bens, tendo unha grande autonomía verbo do Concello, pero xestionada dende un órgano executor na figura dunha xunta rectora, xunta que posúe a peculiaridade de abrirse á sociedade e, principalmente, ás asociacións da nosa cidade que desempeñan o seu labor no ámbito das artes musicais e escénicas. Esta xunta está formada por un presidente, o concelleiro de Cultura Bonifacio Borreiros, un representante de cada un dos grupos políticos municipais que integren o Pleno da Corporación, o secretario, interventor e tesoreiro municipais e catro representantes das entidaes culturais da cidade con obxectivos específicos en cada unha destas catro materias: teatro, música, danza e música folk, saíndo elixidos en representación de máis dunha treintena de asociacións Pedro Sanz (Música Folk), Ángeles Quiroga (Danza), Lino Tenreiro (Música) e Gonzalo Rodríguez (Teatro).

Moitas eran as materias pendentes neste ámbito en Ferrol e unha delas, historicamente, foi a formación dunha Banda Ferrolá de Música, algo que dende fóra semella inconcebible nunha cidade de tanto prestixio no mundo da música. Este mesmo ano e baixo o amparo do Padroado criase a Banda Ferrolana de Música baixo a dirección dun prestixioso músico da nosa comarca, Narciso Pillo, que pon en funcionamento a máis de 40 mozos que comezan os seus ensaios o pasado mes de novembro e que terá a súa presentación oficial o día grande de Ferrol, o 7 de xaneiro do 2002, festividade de San Xulián. Iso é un paso máis cara a normalidade musical de Ferrol, e será nun futuro a base dos músicos da comarca que antes tiñan que saír das nosas fronteiras para integrarse en formacións lonxanas a todos nós. Pero esta banda no quedará estancada nun simple trampolín da xente nova, e as pretensións do Padroado irán, dependendo da súa evolución, crecendo sen marcarse nestes momentos límite ningún, pero tendo moi claros úns obxectivos de futuro: a formación dos nosos músicos coa creación dunha institución estable e marcada pola seriedade e a profesionalidade.

Se ben a creación da Banda Ferrolana de Música é o buque insignia deste Padroado a programación terá un serio protagonismo na dinamización destas artes coa continuidade de eventos xa consolidados en Ferrol como os ciclos de música de Raíz, Actual, Música nas Catedrais, Xoves Teatrais, Domingos a Escea, Mostra de Teatro Infantil, Festivais Folklóricos, etc. ou o importante Premio

Internacional de Piano "Ciudad de Ferrol" único na súa especialidade en toda Galicia, pero tamén creando novos ciclos que se organicen nunha futura temporada estable de música, teatro e danza. Pero se de algo tamén carecía o ámbito cultural de Ferrol era en canto á formación de músicos e profesionais das artes escénicas. O padroado é o marco idóneo para poder, pouco a pouco, asenta-las bases formativas que nestes intres están en fase de estudio polos técnicos que forman este padroado.

O padroado nace cunha envidiable saúde e cuns obxectivos irrenunciables coma o feito de volver a colocar a Ferrol como unha das cidades máis importantes de Galicia neste ámbito, obxectivos algúns dos cales está a acadarse logo de dous anos de constante traballo da Concellería de Cultura. Nace unha nova visión de entende-la xestión municipal, renace a esperanza de que volvamos a ser capital cultural do noroeste e de sentirnos orgullosos do noso patrimonio; a Banda Ferrolana de Música é o primeiro chanzo dunha amplia escaleira que nos situará onde Ferrol se merece e o Padroado Municipal de Música e as Artes Escénicas unha nova forma de entender e de xestionar a nosa Cultura.

Víctor López Carbajales

NOTA / PUNTUALIZACIÓN DA DIRECTIVA DO ATENEO FERROLÁN Ó ARTIGO ASINADO POR VÍCTOR LÓPEZ CARBAJALES SOBRE O PADROADO MUNICIPAL DA MÚSICA E AS ARTES ESCÉNICAS

• *(Con cordialidade e sen acritude)*

Como xa chove sobre mollado, a Dirección do ATENEO, responsable da revista ATENEA, a máis de insistir en que non ten por qué asumir os contidos dos artigos que se publican, que pertencen exclusivamente ós seus autores, ten que facer algunha puntualización e comentario no caso que nos ocupa.

Temos que entender que o "desamparo total hacia esas artes" que atoparon en 1999, refírese ó que éles viron na Concellalía de Cultura, de portas para dentro, pois a situación no entorno exterior concretamente nos círculos dos espectáculos teatrais da cidade non reflexaba esa desoladora visión que se quere presentar. Sen chegar, cicais, os niveis que FERROL e FERROLTERRA requiren, había un ambiente aceptable e unhas representacións semanais que non deberían ser silenciadas. Pero como moitas veces as cousas preséntanse según a cor do cristal ..., pensamos que é moito millor aportar úns datos totalmente comprobables e que cada quén xulgue:

O ano 1999 o ATENEO FERROLÁN, coa súa actividade no eido das Artes Escénicas, XOVES TEATRAIS, que había recuperado e viña mantendo nunha segunda etapa dende novembro de 1995, ofreceu ós afeccionados da cidade 27 funcións de teatro nos escenarios do Torrente Ballester, Lestonnac e FIMO, nas que participaron máis dunha ducia de compañías profesionais e de afeccionados e ás que calculamos unha presencia do orde de 3000 espectadores, naturalmente moitos repetidores asiduos.

No ano 2000, de febreiro a maio foron 15 as representacións dos XOVES TEATRAIS do ATENEO FERROLÁN. É xusto decir que despois dos primeiros ensaios de finais do 95, desenrolados polo ATENEO coa colabroación de persoas e grupos de Ferrolterra, esta actividade, pensamos que meritoria dos XOVES TEATRAIS, contou coa colaboración e axuda da CONCELLALIA DE CULTURA do CONCELLO FERROLÁN que dende entón pasou por dúas ou tres mans distintas que apoiaron sempre esta actividade do ATENEO.

Setembro do 2000, a Concellalía de Bonifacio Borreiros (así a nomea o artigo) faise cargo absolutamente dos XOVES TEATRAIS, sen contar nin comentar nin aclarar nada co fundador da "marca", o ATENEO FERROLAN, e, polo que vemos no escrito do que estamos a falar, con absoluto descoñecemento dunha realidade que seguimos sen entender o por qué se silenciou e se sigue ocultando.


E qué decir do eido da MUSICA. Algo facemos neste apartado cultural no ATENEO FERROLÁN, pero o que nos parece inaceptable é que dende unha instancia municipal se oculte ou se descoñeza, a meritoria labor e traxectoria de alto nivel da SOCIEDADE FILARMÓNICA FERROLÁN, por exemplo.

De tódalas maneiras o ATENEO FERROLÁN segue a traballar coas súas posibilidades, nos eidos da música e das artes escénicas, sen rexeitar ningunha colaboración, participación ou axuda que poida contribuir ó realce e millor proxección das súas actividades.

A DIRECCIÓN



ARTIGO

Ferrol en 

de Curros Enríquez

Ferrol en La Tierra Gallega, de Curros Enríquez

O ano 1894 representa un fito importante na vida de Manuel Curros Enríquez. Daquela atravesaba unha fonda crise familiar, a súa saúde non era boa e sentíase decepcionado polos pobres resultados do seu labor político no ámbito da prensa madrileña (remataba de deixar o seu traballo en El País). Recoñecido como gran poeta, considerado como xornalista, pero en difícil situación persoal, Curros, como tantos outros miles de galegos, tentou a sorte no camiño da emigración e embarcou para a Habana en febreiro de 1894. A boa acollida da comunidade galega da capital da Illa determinou o definitivo asentamento de Curros, que morrería alá, emigrado, en 1908.

Cuba viña acusando un clima de confrontación violenta que estouparía en guerra declarada en 1895. Os "mambises", liderados pola gran figura de José Martí, emprenderon unha defini-tiva loita que só remataría en 1898 coa intervención norteamericana e o subseguinte "desastre" español. En 1899 a Illa está en situación de "independencia vixiada" por Estados Unidos, que ven satisfeitos os seus intereses neocoloniais. Pero esta nova situación é rapidamente favorable ós españois de Cuba, que, como advirte o historiador Moreno Fraginals, promove a entrada na Illa de novos continxentes de emigrantes. Así, o poderoso Centro Galego da Habana chegará, na década de 1920, ós 64.000 socios, cifra endexamais igualada.

Aínda que confesa a Walda Álvarez Insua estar fóra dos "combates" xornalísticos, Curros é un home de prensa e na Habana, ós dous meses de chegar, funda e dirixe La Tierra Gallega, "Semanario de intereses regionales, que rematará en 1896 cando ía polo número 147. Republicano convencido, Curros, en contacto coa Galicia emigrante, posiciónase no credo rexionalista na liña de Brañas e Murguía. A defensa dos intereses de Galicia adquire así relevo nas páxinas do semanario, atentas á problemática histórica, lingüística, literaria e cultural galega.

Loxicamente, nunha publicación xornalística galega de Cuba a presencia de información relativa a Ferrol era un feito obrigado. Dende mediados do s. XIX os ferroláns en estadías eventuais as máis das veces fixeron de Cuba a súa terra de promisión na que facer fortuna. Estudios diversos, particularmente os de Guillermo LLorca Freire (citemos, sobre todo, Ferroláns en Cuba, 1997) documentan o labor daqueles fillos de Ferrol que confluían na sociedade "Ferrol y su comarca" agrupada na Federación Galega de sociedades de instrucción da que foi voceira a revista Pro-Galicia (1912). Un ferrolán, Juan V. Martínez Quelle, fixo da revista Labor Gallega (1913), que el mesmo dirixía, canle informativa das actividades dos ferroláns en Cuba.

Pois ben, dous feitos concretos referidos a Ferrol ecoan en La Tierra Gallega. O primeiro é a axuda, a través dunha subscrición, para rematar as obras do Hospital de Caridad de Ferrol. No seu nº 13 publica La Tierra Gallega a carta da sociedade "Aires d'a miña terra" de instrucción, recreo e asistencia sanitaria, a Curros, que acusa recibo da mesma e manifesta o seu apoio á benemérita iniciativa. O semanario de Curros publicou en catorce notas informativas (a derradeira aparece no nº 47) a marcha daquela subscrición. Velaquí a carta co acuse de recibo de Curros Enríquez:

"Subscripción para el Hospital de caridad del Ferrol.

Hemos recibido la siguiente comunicación:

Aires d'a Miña Terra, Sociedad de Instrucción, Recreo y asistencia Sanitaria. Secretaría.

Tengo la honra de participar á usted que por consecuencia de comunicaciones cruzadas entre el señor don Fidel Villasuso y el señor Presidente de esta Sociedad, la Junta Directiva de la misma, en sesión de ayer acordó iniciar una subscripción para que el Hospital de Caridad del Ferrol pueda terminar sus obras de ensanche.

La lista inicial, que en breve remitirá á usted la Comisión nombrada, comprende los nombres de los señores que componen la Junta Directiva.

Y en la seguridad de que su importante periódico acojerá con gusto esta idea benéfica y habrá de apoyarla en cuanto le sea dable, le participo también que por ahora los señores comisionados para recibir donativos son: el Tesorero de la Sociedad don Andrés Acea, Muralla esquina á Bernaza, y los Vocales don Antonio Romero y don Salvador Pego.

Dios guarde á usted muchos años.

Habana, 17 de mayo de 1894. El Secretario, Delmiro Vieites.

Sr. D. Manuel Curros Enríquez, Director de La Tierra Gallega.

La Tierra Gallega no puede menos de aplaudir el noble pensamiento de socorrer á los pobres del Ferrol, tan generosamente acogidos por la sociedad gallega Aires d'a Miña Terra y esperamos que todos nuestros paisanos y los que sin serlo alientan en su pecho sentimientos de caridad y amor al prójimo, se apresurarán á depositar en la secretaría de aquel instituto el óbolo que ha de enjugar las lágrimas y remediar la miseria de muchos desgraciados.

La sociedad Aires d'a Miña Terra puede contar con nuestro concurso para este objeto benéfico y nuestras columnas quedan á su disposición, tanto para publicar las listas de donantes, como para cuanto las considere útiles en lo sucesivo".

A segunda referencia a Ferrol nada ten que ver co ámbito emigrante, senón coa política española daqueles anos de fin de século. La Tierra Gallega mantiña un correspondente en Madrid e Curros sempre crítico e ben informado, sempre pensando en Galicia denunciou a irresponsable decisión do ministro de Marina no que foi un ridículo fiasco: o fracaso da botadura, en Cádiz, do cruceiro de guerra Princesa de Asturias . O primeiro parágrafo do artigo que ofrecemos a continuación cita, por contraste, o éxito dun feito idéntico que "se realizó felizmente" nos estaleiros ferroláns da Graña. Engadamos que o artigo implicou unha grave multa do gobernador da Habana que significou o principio do fin da xeira de La Tierra Gallega. O artigo de Curros é o seguinte:

1 A noticia aparecía tamén, escuetamente, no Diario de la Marina, da Habana (9-X-1894), que afirmaba: "Ha sido botado al agua sin ningún entorpecimiento el aviso torpedero Doña María de Molina, que se construyó en los astilleros de la Graña (Ferrol). Al intentarse en Cádiz la botadura del crucero Princesa de Asturias, no pudo realizarse, pues al ser lanzado aquel, descendió veintiún metros y quedó atascado.

2 "Nuestra multa", en La Tierra Gallega, A Habana, nº 145, (25-X-1896).

3 La Tierra Callega, A Habana, nº 144, (18-X-1896).

A TIERRA GALLEGA

Responsabilidad ministerial

Una vez más puede decirse que llueven desgracias sobre la pobre España. Como si fueran pocas las que teníamos que lamentar, hoy registra el telégrafo la varadura del crucero de guerra Princesa de Asturias en el instante mismo de ser botado al agua en el astillero de la Carraca y el mismo día, según tenemos entendido, en que se realizó felizmente igual operación en los astilleros de la Graña (Ferrol) con otro crucero, el Dª María de Molina.

De diversos modos se explica esta catástrofe, ya que como tal debemos de considerarla si, como se cree, el buque está perdido y habrá necesidad de sacarlo del agua á pedazos: hay quien la atribuye á que, al lanzarlo, no se tuvo en cuenta la gran cantidad de fuerza que por su tamaño iba á desarrollar en su lanzamiento y que hasta que, no encontrando espacio ni resistencia bastantes en la estrechura de los caños, se fuese sobre la ribera y embarrancara; hay quien la explica por error de cálculo entre su peso y la cantidad de agua que debía sostenerlo, error que pudo motivar su hundimiento de muchos metros sobre la línea de flotación; y hay quien, por último, la atribuye, aunque éstos son los menos, á defectos de construcción, todavía no conocidos.

Sea cual fuere la causa que la haya producido, acerca de la cual no puede hoy formarse juicio, que no sea arriesgado, el hecho es que la varadura ha ocurrido y que esa desgracia, que representa para España la pérdida de algunos millones, no es la primera vez que acontece en aquel arsenal, y que pudo evitarse si, habida consideración á esa circunstancia, no se hubiese permitido nunca la construcción en él de buques de alto porte.

Hallámonos, pues, en frente de un caso de responsabilidad ministerial, porque siendo privativo del ministro de Marina el elejir para las construcciones navales el arsenal del Estado mas á propósito, ha elegido para el Princesa de Asturias el que menos condiciones reunía, conocidos los peligros que han ofrecido siempre los caños de la Carraca, cuya limpieza constituye un problema tan difícil que en ella han quebrado, y quebrarán siempre, todas las compañías que pretendan realizarla.

Pero los ministros de Marina por regla general son andaluces; como tales tienen compromisos con sus paisanos, y como la política que aquí seguimos desde hace muchos años es una política de compadres, de parientes y amigos, á éstos antes que á nada se atiende, resultando siempre sacrificada á una localidad la Nación entera y á la conveniencia particular la general del país.

Con semejante modo de gobernar, agravado por la tendencia manifiesta y comprobada por una experiencia de muchos años, á dar preponderancia en la gobernación del Estado á la raza menos apta para gobernar, que es la del Mediodía, sobre las de Norte y Occidente, si no tan brillantes, muchas más reflexivas, hecho fácil de demostrar y que ha dado ocasión para que se diga que aquí no se hace más política que la andaluza, y así anda ello nada ya debe extrañarnos y casi parecen naturales fracasos y desdichas como los que están ocurriendo.

Claro está que éstas no ocurrirían ó si ocurrieran serían mucho menores, si hubiese una buena ley de responsabilidad ministerial, como la hay en otros países, á virtud de la cual pudiera residenciarse, y aún meter en la cárcel y llevar á presidio al ministro que autorizase ó realizase actos que entrañasen lesión máxima de los intereses públicos. Pero ¡quién le pone el cascabel al gato! No falta más, sino que esos señores que ya son responsables ante las Cortes, que es lo mismo que decir ante ellos mismos, lo fuesen ante los pobres contribuyentes y ante los más pobres tribunales de justicia, que andan por ahí como Dios quiere y viviendo del favor ministerial tan á su gusto como un hacendado de sus rentas!

No, nada de sanción, nada de ley para los descuidos ó las simplezas, ó la mala fe de los gobernantes. Los Códigos se hacen para los gobernados, para los del montón, para los que están abajo; nunca para los que están arriba. Esto es lo correcto, lo tradicional, lo admitido. Y así es como se hacen respetar los poderes y las instituciones; así es como se establece y se afirma y se hace venerar y querer el principio de autoridad. Y así es como estallan las guerras, como se va en pedazos nuestro crédito y como se van á fondo nuestros buques.

Dice un telegrama que el general Béranger, ministro de Marina, disgustado por la avería del Alfonso XII, la del Princesa de Asturias y la del cañonero Cuervo, trata de presentar la dimisión.


Menos mal. He ahí un caso de conciencia que, si se repitiese constantemente, constituiría la única razón valedera para combatir la ley que tanto deseamos. Solo entonces no sería necesaria, como no es necesario castigar el que á sí propio se flagela.

Luis Alonso Girgado.
Centro Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela

"DE CÓMO SE PERDE A MEMORIA OU OS FEUDOS BANANEIROS"

(Conto para os máis pequenos e para os máis maiores)

Assassins de raons, de vides,
que mai no tingueu repòs en cap dels vostres dies
i que en la mort us persegueixin les nostres memòries.
Lluis Llach



A historia que vos vou contar acontece nun país de moitos séculos de antigüidade e que estaba composta por moitos feudos, cada quén coa súa bandeira, as súas tradicións e o seu folclore. Non obstante voume situar entre o século pasado e o actual.

Resulta que este país estaba rexido por un señor malíiisimo, din que a causa dos seus complexos e frustracións, posto que era unha "miñaxoia" e a súa voceciña soaba coma a frauta de Hamelín.

Pois ocorre que nos tempos nos que acontece a historia que vos estou a contar, este "reyezuelo" facíase rodear por cabaleiros que tiveran a sua mesma mala uva, aínda que quería que tamén tiveran defectos (desta maneira disimulaba os seus). E entre eles elexiu a ún, que si ben non era ananiño, era algo braquicéfalo, non se lle entendía nada ó falar e tiña os pés planos. (Eso si, non tiña o bigotiño ridículo que puxera de moda outro ananiño tiránico que reinaba nun país non moi lonxano).

Resulta, queridos nenos, nenas e personas máis maiores, (ós do medio quizais non lles interese tanto este conto posto que estaran máis preocupados polas "alienacións" - ¿ou díse alineacións? - dos equipos dun xogo que consiste en darlle patadas a unha pelota); dicíavos que este valido tiña moito afan de posesión, de maneira que ademais de mercar predios alén dos mares, quería que Montejurrelandia, Victorialandia e ata as rúas foran del.

Mais como algúns vasalos protestaron, redactou, co permiso do ananiño, unha cousa que deron en chamar ESTADO DE EXCEPCIÓN que prohibía e autorizaba cousas como estas:

<u>PROHIBIDO:</u>

Art.12.- .... expresarse libremente.
Art.14.- .... fixar libremente residencia.
Art.16.- .... reunirse e asociarse.
Art.18.- .... pedir autorización para deter a calquera.
Art.28a.- .... a circulación de persoas e vehículos..... a formación de grupos e o estacionamento na vía pública.

<u>AUTORIZADO:</u>

Art.15.- .... entrar nun domicilio sen o consenimento do propietario.
Art.28b.- ...... deter a calquera persoa se se consideraba necesario para a conservación da Orde.
Art.28d.- ...... esixir notificación de cambio de domicilio.
Art.29.- .... exerce-la censura na prensa e publicacións de toda clase, emisións e publicacións de toda clase, emisions radiofónicas ou televisadas e espetáculos públicos ... ou suspendelos.
Art.30.- .... dispoñer inspeccións e rexistros domiciliarios

Ademais de todo esto, queridos nenos, nenas e mais maiores, tanto o ananiño coma o seu valido que proviñan do mesmo lugar dentro do reino, tiñan prohibida calquera manifestación que fixera referencia a el. De tal maneira que se cantabas, falabas, escribías ou amosabas a bandeira en público, mandaban a uns señores malos que estaban ó seu servicio e que para diferencia-los dos bós, facíanos vestir de gris.


Pero, velaí, que un día veu o valido ó susodito lugar e atopouse cunha bruxa moi maior (tan maior que tiñan xogado de nenos) e deulle un remedio que dan en chamarlle "queimada" e isto transformouno nun señor boooísimo.

Tanto é asi, que comezou a repartir diñeiro por falar, escribir, leva-la bandeira, cantar, ... e moitas máis cousas relacionadas co país. E ademais empezou a tratar ben a xente, ¡ e non mandou pegarlles!. E a xente pediulle que se quedara para sempre.

E desde aquel entón, tras verter moitiiisimas bágoas de agradecemento, quedouse.

E ... colorín, colorado, este conto parece non terse acabado....... Parece ser.

TONO da GRAÑA.





ARTIGO

Nosos maiores


JUAN TORRENTE

Tiven a sorte de coñecer a unha velliña - noventa e sete anos a contemplan - que me deixou, cando menos, sorprendido e á vez inquieto:

Sorprendido pola súa fortaleza mental, pois a física, loxicamente, non dá para moito. Encorvada ela, apoiándose no seu bastón e camiñando ó seu ritmo, e que, ademais, coma curiosidade asombrosa tómase "una aspirina al mes, mi hijita" (que diría ela co seu acento cubano pois alá pasou gran parte da súa vida) "para paliar algunas molestias que tengo".

É, sen embargo, a nosa querida Tía Remedios como todo o mundo a coñece, un exemplo de historia viva, da propia Historia, rebuscando na súa memoria e relatando acontecementos, con datas e datos concretos incluso, como se acabasen de ocorrer: a súa estancia e vivencias en Cuba, a súa volta a España, xestos e frases tal como sucederon no seu momento que flúen os seus beizos cunha naturalidade que crea asombro. E ese vocabulario que emprega, a súa brillantez na linguaxe, poñendo a verba exacta no momento adecuado, non por estudiada senón por estudiosa e muller que, a pesar da súa idade, enfráscase cada día nunha boa lectura.

Para máis INRI vive soa na casa dunha aldea de Chantada, chamada La Lucenza, non por falta de familia senón por decisión propia, pois "Oigame, mi hijita, soy vieja pero no inútil".

E vaise ó monte recoller piñas para prender o lume da súa cociña de leña en torno á que pasa o inverno, toma leite natural: da vaca á mesa sen nada máis que o propio fervor que ela lle da e só bebe o auga da "mina" da súa aldea.

E ese leite, e esa auga son, segundo ela, as que a manteñen activa -á parte claro está- da mencionada aspirina. Nin que decir ten que charlar con Tia Remedios é como un bálsamo; poderíamos estar horas escoitándoa e disfrutando da súa sabiduría.

Mais dicia ó principio que tamén me crea inquietude, pois pensando serenamente, deime conta da pouca importancia que damos ós nosos maiores. Vivimos ó día, dominados por tanta informática, novas tecnoloxías, o telefono móbil, a parabólica, un bo coche, ... en fin, puro materialismo como único valor, sen caer na razón de que eses maiores son o presente de tanto pasado que hai detrás e dos cales temos moito que aprender.

Queiramos ou non, o noso futuro pode encauzarse tomando exemplo de eles e non deixándoos de lado porque - "...xa son vellos", ou ".... non están ó dia " : ¡ Errónea conclusión!

Se teño oportunidade de chegar a maior gustaríame, aínda que fose nos últimos instantes da vida, ser como a Tía Remedios.

JUAN TORRENTE





GAITAS E GAITEIROS



Introducción

Segundo o Diccionario Etimológico de la Lengua Castellana de Juan Corominas, (Editorial Gredos, 1987), "Gaita, med. S. XII. Voz oriunda del castellano y del gallegoportugués, extendida desde la Península Ibérica por el África hasta Turquía y el Oriente europeo. Probablemente del gótico GAITS "cabra", porque el fuelle de la gaita se hace de un pellejo de este animal".

Do mesmo xeito o Diccionario Xerais da Lingua (Edicións Xerais, 1987), gaita (suévico gaits = cabra, por se face-lo seu fol da pelella dunha cabra) s. f. Instrumento músico de vento formado por un fol e varios tubos...)".

E poderiamos seguir á procura de máis documentos que nos virían dici-lo mesmo. Basicamente que a gaita é un instrumento que se chama así por estar o material do que se fai o seu fol directamente relacionado co animal que



nolo proporciona. Outro dato máis a ter en conta é tamén o feito de pensar que, derivado da conclusión anterior, moi probablemente se tratase, cando menos nas súas orixes, dun instrumento, non sei si exclusiva, pero si fundamentalmente pastoril.

Por outra banda, se a voz "gaita" é efectivamente un vocablo de procedencia sueva ou gótica (que vén sendo o mesmo), entón habería que lembrar que este pobo, os suevos, establecéronse na Gallaecia constituíndo o primeiro reino da Península independente do Imperio Romano alá polo ano 411 e ata o 585 d. C.

Polo visto ata agora, cáseque podemos afirmar con toda seguridade que a gaita en Galicia lévase tocando polo menos mil cincocentos anos. E esto se non temos en conta que xa o emperador romano Nerón no século I d. C. disque era afeccionado a tanxer este instrumento.

Moitas son as imaxes, iconografías, debuxos e gravados que nos podemos atopar ao longo de todo este tempo e nas que se ven reflectidas gaitas e gaiteiros e a súa evolución. En ningún momento deixou de tocarse este instrumento que pasou, quén sabe o porqué, a ser un dos máis representativos da cultura popular galega, se non o que máis.

O instrumento

Facendo unha análise máis polo miúdo imos entrar a definir dende un punto de vista musical qué é ou qué entendemos por gaita.

Paréceme interesantísima a definición que fai o Diccionario Oxford de la Música, Percy A. Scholes na súa edición cubana de 1964 encol do vocablo gaita. No seu punto número dous fálasenos da súa descripción general, e dí:

"La gaita tiene dos características esenciales:

(a) Es un instrumento de viento con tubo de lengüeta.


(b) Interpuesto entre el aprovisionador de aire y el tubo de lengüeta hay un depósito o bolsa que sirve para lo mismo que el depósito de aire en el órgano, es decir: que proporciona una corriente de aire al tubo, en vez de hacerlo depender de la provisión, necesariamente intermitente, de la fuente original del aire.

Estas dos características son invariables, y las características variables más importantes, desde el punto de vista de la construcción, son las que siguen:

(c) La fuente original de provisión de aire de la bolsa puede ser tanto la boca del gaitero aplicada a un tubo con válvula, o un pequeño fuelle que se mantiene bajo el brazo del gaitero y que se expande y se contrae con el movimiento del mismo brazo.

(d) El tubo de lengüeta o caramillo que produce la melodía por medio de agujeros, o a veces, llaves, puede estar o no reforzado por uno o más tubos de lengüeta llamados roncones cada uno de los cuales da una sola nota. Los roncones están afinados a la tónica del instrumento o a la tónica y su dominante..."

O que aquí recollo non é todo o que dí sobre a gaita pero me parece suficiente e interesante



dabondo. Podemos resumilo nun fol que se enche de aire por medio de fundamentalmente dous sistemas: sopro natural (insuflación do aire directa por parte do gaiteiro e por medio de un tubiño ou soprete) ou sopro mecánico (barquín). Dese fol parte un punteiro e un ou varios roncos que funcionan como bordóns ou notas pedais constantes. Basicamente eso é unha gaita en cáseque tódalas partes do mundo, e a gaita galega tamén participa totalmente destas características.

Podemos aclarar que, no caso da gaita galega, o seu "tubo de lingüeta" é de construción cónica e a lingüeta empregada é dobre, coma a do oboé, por exemplo. No caso dos roncos, a súa construcción interna é cilíndrica e o tipo de lengüeta coa que estes traballan é simple, parecido ao sistema empregado polo clarinete, por exemplo. Esto limita a extensión do tubo melódico ou punteiro a pouco máis dunha oitava.

No que si non vou entrar é no número de roncos e a súa afinación, dependendo esta do momento, necesidades, habilidade do instrumentista, modas ou gustos, etc. Pero o que si me parece interesante deixar claro é que cando falemos de gaita galega tomemos como referencia a inmensa maioría de gaitas que existen hoxe no noso país e tamén a inmensa maioría de gaitas que existiron noutrora; mais non excepcións, rarezas ou casualidades. Estamos a xeneralizar e a tomar referencias comúns, non a rizar o rizo e a buscarlle cinco pés ao gato.

A gaita galega actual, e a gaita galega de hai moitos anos é, con toda seguridade, de insuflación natural, por medio dun soprete. Claro que houbo ao longo da Historia (e existe documentación iconográfica e fotográfica dabondo) gaitas en Galicia que se tocaron con barquín, mais estes casos son excepcións, non a norma. Quen sabe se porque o gaiteiro padecía dalgunha afección pulmonar, quen sabe si porque facilita o labor de cantar e tocar a un tempo. Mais no reconto deste tipo de gaitas atopámonos con que estamos a falar dun caso de barquín por cada moitos centos de soprete. Xa que logo, a gaita galega é unha gaita de insuflación natural por medio dun soprete, e todo o que de aí se saia é unha diferencia puntual e excepcional que non deberemos ter en conta para falar dunha gaita galega estándar actual. Só son referencias históricas e curiosidades interesantes de coñecer.

O tubo de lingüeta melódico, caramillo, ou punteiro na gaita galega é, principalmente, cónico e de lingüeta dobre. Tamén existen punteiros cilíndricos e con lengüeta simple, como é o caso das gaitas de Paradanta, pero esto, volvo repetir, non deixa de ser máis cun caso aillado que cómpre coñecer, pero que para nada é representativo da modalidade "gaita estándar galega".

No tocante ao número de bordóns ou roncos que a gaita galega posúe xa don Casto Sampedro no seu Cancionero Musical de Galicia (Barrié de la Maza, 1942), nas páxinas 199-203, fainos unha explicación do instrumento, as partes das que consta, afinacións e modalidades.



E dínos que o que todas, absolutamente tódalas gaitas teñen é un ronco que emite a tónica duas oitavas máis grave que o punteiro e que cae por enriba do ombreiro do gaiteiro. Menciona tamén o chión, e di que "este tubo (o chión) sale por dentro de la abertura del vestido del depósito de aire". Só hai que ver calquera fotografía de don Perfecto Feijoo e decatarémonos do que Casto Sampedro nos



quere dicir. Nomea tamén a ronqueta, pero non fai referencia á súa situación con respecto dos outros elementos no fol.

Esta é a distribución dos roncos na gaita galega a principios do século pasado. E penso que de aí, voltando a vista atrás, debeu de ser sempre a mesma. Poderían variar tonalidades, tamaños, madeiras ou adornos, mais a distribución é incluso a mesma que a que se recolle nas Miniaturas das Cantigas de Santa María, un Cancioneiro Marial do s. XII.

Modas, gustos, colonizacións culturais, e outros factores fixeron que hoxe en Galicia nos atopemos ca gaita galega parece ter unha morfoloxía certamente variada. Xustifícanse estas alteracións, sobre todo de tipo estético, acudindo a algún gravado, algunha iconografía, e moi poucas fotografías. Acódese, como dicía antes, ás rarezas, ás puntualidades e estrañezas para xustificar algo. Excusatio non petita, accusatio manifesta, dí o adagio latino, e, como os que empregamos gaitas galegas estándar non temos que xustificar nada, porque estamos a utilizar un instrumento normal (que quere dicir que está dentro da norma, da xeneralidade), penso que os que si se xustifican e buscan aquí e alá argumentos máis que peregrinos para defenderse (non sei de qué ataques externos, pois teñen o inimigo na casa), están a traballar máis en contra da gaita e da cultura galegas que a prol delas.

Os transmisores

Foron os músicos que tocaban a gaita, os gaiteiros (vid. infra), os encargados de distribuíla estética do instrumento (tanto a visual, como a acústica) dando vida ás formas musicais características e particulares propias de cada localidade ou bisbarra, e que reflectían o acervo e o gusto ou as preferencias populares por este ou aquel xeito de expresión.

Din que a Historia fana os gañadores, e algo de certo haberá cando se nos fala do gaiteiro de Penalta, de Avelino Cachafeiro, de don Perfecto Feijoo... Pero temos que ter por certo que en Galicia houbo moitísimos máis gaiteiros descoñecidos que afamados, e que foron eles tan ou máis importantes no campo da transmisión musical popular que os coñecidos e recoñecidos, que os afamados e incluso, nalgún caso, profesionais.

O xeito de aprender a toca-la gaita foi sempre oral, como calquera coñecemento popular que se transmite. Non existían escolas de gaitas, nin profesores do instrumento. Só había un sistema: escoitar.

Esto trocou tanto nos últimos anos que o impulso que recibíu o instrumento foi brutal.



Coménzase a crear escolas, impártese clase en asociacións culturais ou masas corais. Ao mesmo tempo xorde a necesidade de bos instrumentos e o gaiteiro esixe ao artesán mellores gaitas. O artesán corresponde e así, pouco a pouco, tanto o instrumento como os músicos que o tocan van gañando terreo no campo da calidade estética, sonora, tímbrica...

Baste lembrar que unha gaita estándar galega de primeiros do século pasado non podía dar pouco máis dunha oitava diatónica. Hoxe, unha gaita galega pode emitir máis dunha oitava cromática, pero ollo: ¡sen necesidade de chaves! Esto era algo impensable hai ben pouco tempo.

O uso que se faga destas posibilidades xa vos é fariña doutro saco. Non deixo de escoitar a cotío que a gaita está moi limitada por posuír pouco máis que unha oitava e que "la irlandesa sí que mola". O que así pense non se dá conta do traballo que hai nunha oitava. O que así pense que pense tamén que o músico que estuda percusión ten que botar máis de dez anos

nun conservatorio para, ao mellor, tocar nunha orquestra sinfónica unha obra na que vai dar dous platillazos ou un redobre de timbais. ¿E de verdade credes que é un músico frustrado ou é un inútil para a percusión? E estamos a falar de moi poucas notas.

Parémonos a pensar dunha vez por todas na calidade e esquezamos por un momento a cantidade. Penso que é mellor dar oito notas ben afinadas, ben interpretadas, e que soen ben bonito, expresando e transmitindo, que dar catorce daquela maneira; xa me entendedes. O músico que colle unha gaita decátase pronto de que a principal dificultade non está no punteiro, mais si no fol, o regulador do aire, que si non temos perfectamente constante, acabaremos por cargarnos a afinación, e, por ende, a expresión e a transmisión de calquera sentimento.

A música é unha Arte, non unha Ciencia, e por iso é tan importante o corazón coma a razón, si é que non o é máis. Ollo coa técnica, e ollo cos gaiteiros perfectamente técnicos pero que cando collen o instrumento non fan máis que Ciencia con el. A música é un medio de expresión e xa o dixo Schumann: "A técnica só ten valía cando serve a un obxectivo máis elevado: a Arte". A técnica é o medio, non o fin.

O instrumentista

Como sucede con case tódolos instrumentos, ao músico que se dedicóu a toca-la gaita, chamóu-selle gaiteiro, do mesmo xeito que ao que toca o tamboril se lle chama tamborileiro, ou ao que toca a pandeireta, pandereteiro. Pero eu quixera afondar un pouco máis neste vocablo.

Unha gaita galega, que é da que imos a falar, ten moitas cousas en común con outros instrumentos, e tamén ten moitas diferencias.

Como instrumento de orixe pastoril, e, nunha grande medida, representativo dun pobo, conleva dun xeito intrínseco unha serie de factores extramusicais que lle son inerentes e indisociables.

Un destes factores é a identidade. As culturas diferéncianse unhas doutras polos seus sinos de identidade como poden ser a fala, os costumes, as tradicións, o xeito de comer, vestir, e mesmo o xeito de ve-la vida. Pois ben. A gaita hoxe, como xa tamén noutras épocas, está a ser un sino de identidade fortísimo no país galego do século XXI. Como instrumento representativo que é e como sino de identidade dun povo o músico encargado de tocala ten que pensar que ten nas súas mans algo máis, bastante máis diría eu, que un instrumento para facer música de certas características. Cando un gaiteiro colle unha gaita está collendo parte dun pobo, está collendo un sentimento, está collendo nas súas mans a esencia e o espírito de toda unha cultura e o que el ten nas mans é un dos signos de identidade máis importantes desa cultura. Así que o que un gaiteiro ten nas súas mans cando colle unha gaita galega é algo máis, moito máis que un mero instrumento musical.


Esto, que por suposto case ninguén explica aos rapaces que se inician no mundo da gaita por non consideralo quizais importante á hora de interpretar co instrumento unha serie de melodías, é, segundo o meu xeito de ve-lo tema, de suma importancia.

Comparto practicamente na totalidade da acepción a diferencia que o meu amigo Raúl Galego fai entre gaiteiros e "gaitistas". El fala de "gaitistas" para denominar ao músico ou instrumentista que toca a gaita como un instrumento máis, como un instrumento co que dar notas, con un timbre característico, pero disociando del o seu valor histórico, social, cultural... Hainos, e son dabondo.

E para falar do músico que é consciente do que ten nas máns, do músico que sabe que está formando parte importante dunha cultura, dunha identidade, dunha sociedade cada vez que toca o instrumento, emprega o termo gaiteiro.

Fala de "gaitistas" por analoxía con pianistas, violinistas, saxofonistas... Eu teño que dicir que case comparto na totalidade a definición, pero gustaríame facer aquí unha salvidade.

Considero que os termos gaiteiro e "gaitista" non son excluíntes e pódense dar os




dous perfectamente na mesma persoa, no mesmo instrumentista. Explícome. Eu considérome gaiteiro cando me preocupo de afinar e aprender o repertorio tradicional do instrumento; cando esixo unhas condicións mínimas nas miñas actuacións para facer que o instrumento gaita seña tan digno ou tan importante como os outros instrumentos (nin máis, nin menos); cando me nego a tocar se mo piden de mala maneira porque un gaiteiro non é un casette; cando toco nunha actitude leda, pero ao mesmo tempo respectuosa comigo mesmo, coa miña cultura e co meu público. Aí eu son un gaiteiro. Cando sei tocar Oliñas veñen, O miudiño, ou A Rianxeira nun momento dado e nunha situación dada. Esas pezas posiblemente alegren máis o corazón de moita xente que outras "virtuosidades" que eu podería levar a cabo. Unha cousa non quita a outra, pero cada unha no seu momento e lugar.

Pero tamén me considero "gaitista" cando vou ao conservatorio a estudiar o instrumento como tal; cando na casa fago os meus exercicios de técnica; cando tomo notas e investigo encol da afinación, das palletas e pallóns...; cando poño por escrito as miñas composicións para publicar ou os exercicios que se me ocorren para axudar en todo o que poida a mellorar o ensino da gaita neste país. Aí eu tamén son "gaitista".

Nin branco nin negro. Penso que todos debemos ser algo gaiteiros e algo "gaitistas". Unha posición vainos axudar a mellorar a outra e viceversa. O problema está, quizáis, na situación e o contexto. Non podo levar catro tazas enriba e tocar A Rianxeira nun exame no Conservatorio, por exemplo. E tampouco debo nunha romaría de campo no verán ou nunha cea entre compañeiros poñerme a tocar os meus exercicios de técnica, facer os meus croma-tismos... desbarrar.

O gaiteiro non debe actuar como ignorante e o gaitista non debe ser pedante. Penso que aí radica o quid da cuestión. O diccionario define pedante como aquel que "presume de maneira inoportuna do seu moito saber ou da súa moita erudición". E a clave está nesa inoportunidade.




Actualidade

Nada ten que ver a gaita e o gaiteiro de hoxe co de hai ben pouco tempo, e varios son os factores.

En primeiro lugar, o ensino. Hoxe temos asociacións, agrupacións, escolas e mesmo témo-la gaita nos conservatorios, tanto públicos como privados, nos que se expide unha titulación homologada á de calquer outro instrumento. Se ben cabe engadir que só están implantados os graos elemental e medio, faltando aínda por completarse totalmente a carreira co grao superior. Pouco a pouco.

Os concursos son outra grande motivación para rapaces e non tan rapaces, neófitos e novos acólitos co mundo da gaita acolle día tras día. Dan lugar ao coñecemento e recoñecemento público de novos valores que ven así, dalgún xeito, recompensado e recoñecido o seu traballo no mundo da música galega. Neste senso cabe destacar o Concurso de gaita galega Constantino Bellón, ao que, xa camiño da súa décimosegunda

12º CONCURSO DE GAITA GALEGA 2002
"CONSTANTINO BELLÓN"
ATENEO FERROLÁN





edición, podemos referirnos como totalmente consolidado, e debe ser considerado como o máis importante concurso de gaita galega tanto a nivel nacional como internacional.

Publicacións, revistas, artigos partituras e métodos que pouco a pouco van engrosando en cantidade e mellorando en calidade o material didáctico e cultural do repertorio para gaita.

Gravacións de grupos de todo tipo, tanto tracicionais, coma folclóricos; grupos folc ou grupos bravú; grupos de música pop ou de jazz. O importante é que todos eles están a empregar hoxe tamén a gaita como instrumento para expresarse.

Conclusión

De novo quixera lembrar a Schumann cando dicía "esfórzate en tocar ben e cuidadamente pezas doadas; é mellor que executar mediocremente outras máis difíciles". ¡Qué grande verdade!

E xa para rematar resumir todo o dito en calidade fronte á cantidade (esto é válido para interpretación, repertorio e número de notas); sentimento fronte ó razoamento; Arte fronte á Ciencia. Se a liña de traballo non é así, xamáis seremos músicos, nin gaiteiros nin "gaitistas", xamais comunicaremos e xamais seremos dinos de tocar o noso instrumento: **a gaita.**



Xesús Vaamonde Manteiga
Ferrol, decembro 2001.

ALCOHOLISMO

INTRODUCCIÓN:

No noso país o consumo de alcohol é algo máis que un feito socialmente aceptado, case poderíamos dicir que é unha cultura: "La cultura del vino". España, en 1991, ocupaba o 7º lugar do mundo no consumo de alcohol, con 10,4 litros de alcohol puro per cápita. Actualmente, segundo o observatorio español sobre drogas, o 12,90% da poboación consume alcohol a diario. Mais, á parte destes datos importantísimos, o que nos ten que empezar a preocupar, son dous feitos que apareceron éstes últimos anos dunha maneira alarmante:

A. O patrón de consumo
B. A idade de comezo deste consumo.

En canto o patrón de consumo, apreciamos que no último ano aumentaron o número de bebedores de fin de semana, sobre todo entre os novos, chegando ó 43% os que teñen entre 15 e 18 anos. Hoxe en día, o consumo de alcohol iniciase a unhas idades máis temperás. Datos de 1998 indican que un 14,7% dos xoves entre 15 e 18 anos iniciaronse no consumo de alcohol.


Iniciaremos realizando unha breve lembranza histórica do alcohol e da súa evolución no tempo, para a continuación, analizar a relación alcohol-mundo laboral e a maior parte de patoloxía tanto somática como psíquica que pode producir o alcohol. Finalizaréi describindo a relación do alcohol cunha das poboacións de máis risco: A XUVENTUDE.

HISTORIA E ALCOHOL

A primeira bebida alcohólica que se consumeu realizouse, seguramente, de maneira fortuíta. Tratábase de mel fermentada que alguén deixou á intemperie ata que as levaduras a fixeron fermentar. Posteriormente, a mesturárona con auga para suavizala súa textura e sabor. Esto calcúlase que sucedeu hai + 10.000 años, na Idade de Pedra. Cara ó ano 6.000 a.C. tívose coñecemento do cultivo da vide en Armenia. Considerábase un complemento nutritivo porque achegaba algunhas vitaminas, minerais e calorías. Probablemente, unhas das primeiras glosas sobre o viño, apareceu na Biblia, no Antigo Testamento, atribuíndo ós xudeus a súa invención a Noé.

"Noé se dedicó a la labranza y plantó una viña. Bebió del vino, se emborrachó y quedó desnudo en medio de su tienda. Vio Cam, padre de Canaán, la desnudez de su padre y avisó a sus dos hermanos afuera. Entonces, Sen y Jafet tomaron el manto, se lo echaron al hombro los dos y andando hacia atrás, vueltas las caras,, cubrieron la desnudez de su padre sin verle". (A.T. Génesis 9. 18.23). Quizá, esta sexa a primeira descripción escrita do que actualmente se denomina intoxicación etílica.

Tamén se resalta a importancia do viño na última cea, na que o viño se vai converter no sangue de Cristo como símbolo de toda a cristiandade. O solo fértil, regado polo Nilo, permitía ós exipcios cultivar toda clase de graos, incluíndo a cebada que ó fermentar daba orixe á cervexa que, xunto co pan eran considerados como os alimentos básicos na dieta exipcia.



CERVEZA DE "PERECER"



CERVEZA COMÚN




CERVEZA DULCE

Tanta importancia tiña na cultura exipcia a cervexa que, incluso, chegou a interpretarse o seu consumo como un ritual de fecundidade. A cervexa non a filtraban polo que se tomaba con cañas, é decir, máis que beber comíase.

Posteriormente, as culturas grega e romana crean deuses en honor do viño (Dionis e Baco) realizando grandes festas no seu honor, baseadas na libación do viño, aínda éste se reservaba para os pudientes quedando a cervexa para o consumo do pobo. Coa caída do Imperio Romano a viticultura pasa ás máns de igrexas e mosteiros case ata o século XIX.

Arredor dos séculos XI - XII introdúcese o alambique polos árabes, aparecendo as bebidas destiladas e, coma expoñente, o "aqua-ardens" o augardente, sendo seu uso máis extendido (á

parte do lúdico) na farmacopea. Esta data se supón, posto que a obra do filósofo árabe Avicena (980-1037) enciclopedia cumbre da época, non menciona o alcohol como bebida destilada.



O gran consumo de alcohol (sobre todo fermentado) que se producía na Idade Media era, en parte, debido a un problema de salubridade, pola existencia xeneralizada de augas contaminadas, incluso se almorzaba con viño. Neste tempo os cereais e a cervexa constituían a comida e bebida habitual dos campesiños.

No século XVII comeza a comercializarse o viño, sobre todo a través dos mosteiros, incrementándose notablemente o consumo de alcohol pola mellora da comercialización e sobre todo pola revolución industrial, continuando a venda libre de alcohol ata nosos días, con curtos períodos de prohibición como por ex.: EE.UU. anos 20, ou prohibicións totais como a que se dá na cultura Islámica.

ALCOHOL E MUNDO LABORAL


España é, cunha longa "cultura" vitivinícola, un dos países con máis consumo de alcohol "per cápita" no mundo, aínda que nos últimos anos baixara o consumo. O perfil do bebedor de risco sería un varón entre 26 e 45 anos pertencente ó grupo socioeconómico medio-baixo e traballador en activo. O 14,4% destes consumos sería máis de 60 grs, como término medio. Por gremios, os traballadores da construcción cun 26.9% serían bebedores de risco, seguido polos traballadores de Transporte-Comunicacións, cun 19,5%. Estamos a falar de bebedores de risco, pero ¿cómo se pode definir un bebedor de risco? Cuantitativamente sería aquel que consumise 14 unidades de bebidas estándar (U.B.E.) na muller e 21 U.B.E. no home ó longo da semana. A Unidade de bebida estándar sería o contido alcohólico de 1 vaso pequeno de viño, 1 cervexa ou fi copa de licor. Cualitativamente, sería aquel que por inxesta de alcohol tivese problemas orgánicos e/ou funcionais de saúde (cirrose, pancreatite, etc.) ou que tivera problemas sociais debidos ó seu consumo (ruptura parella, problemas xudiciais, problemas laborais -absentismo laboral, falta de rendemento, etc-).

REPERCUSIÓNS LABORAIS

O consumo de alcohol no mundo laboral se considera coma un importante problema pola maioría dos traballadores achacándoselle ó dito consumo a diminución na productividade e o aumento dos accidentes laborais. A Organización Internacional do Traballo considera que:

- O alcohol e outras drogas son responsables de ata 1/3 dos accidentes mortais.
- En presencia do alcohol u outras drogas as taxas de accidentes aumentan ata 2 e 3 veces.
- As baixas laborais e o absentismo chéganse a triplicar.
- O 15-40% de expedientes disciplinarios terían relación cos hábitos tóxicos.

Tamén temos que valorar a repercusión do consumo de alcohol en relación co Mundo Laboral dende o punto de vista da Empresa. Segundo unha enquisa de CC.OO. do ano 1991, un tercio das empresas españolas (o 50% das medianas e grandes empresas) tiveron problemas relacionados co alcohol.





Valoramos as pérdidas económicas da empresa desde dúas vertentes:

A. O que deixa de gañar (perda de productividade).

B. O que gasta (subsidios por baixas, invalideces, deterioros materiais).

Un estudio recente (Portella et al, 1998) estima que o custo do alcoholismo en concepto de consecuencias indirectas (non sanitarias) é de 409.288 millones de ptas/ano (121.249 en concepto de absentismo e 288.069 en concepto de reducción de eficiencia). O gasto por día de baixa sería de 8.323 pesetas. O alcohólico ten unha media de 30 días laborables perdidos/ano. A súa productividade redúcese nun 25%.

ALCOHOL E PATOLOXÍA PSICOSOMÁTICA

Mencionarei someramente tódalas alteracións que produce o alcohol en tódolos sistemas da economía, parándome e describindo as que máis importancia teñen con respecto á gravidade da enfermidade e a posibilidade de provocar tanto a incapacidade total ou parcial como a propia morte. Así mesmo describirei as alteracións psíquicas máis frecuentes.

PATOLOXÍA SOMÁTICA

1) *APARATO DIXESTIVO*

Afección principalmente a tres niveis.

1.a. Hepatopatías: O fígado metaboliza o 90% do alcohol, polo que é o órgano que sufre maior repercusión pola presencia do tóxico.
- Esteatose Alcohólica
- Fibrose Alcohólica.
- Hepatite Alcohólica.
- Cirrose Alcohólica.
- Carcinoma Hepático Primitivo.

1.b. Pancreatopatías
- Pancreatite Aguda.
- Pancreatite Crónica.

1.c. Tracto Gastrointestinal

-Patoloxía Esofáxica
* Refluxo Gastro-esofáxico.
* Laceracións mucosa.
* Cáncer Esófago.

- Patoloxía Gástrica
* Gastritis Alcohólica Aguda.

- Patoloxía Intestinal
* Cuadros Diarreicos.
* Mala absorción.

2) *APARATO CARDIOVASCULAR.*

O consumo de alcohol diminúe a potencia contráctil do miocardio e o volume sistólico, favorecendo os trastornos do ritmo.

2.a. Miocardiopatía Alcohólica.
O abuso do alcohol é a principal causa de miocardiopatía conxestiva non isquénica no mundo occidental.

2.b. Miocardiopatía por Cobalto (ou outros adi- tivos):
Bebedores de cervexa.

2.c. Corazón beribérico alcohólico:
Por déficit de Tiamina (grupo Vitamina D).

2.d. Síndrome do "Corazón do Día da Festa":
Arritmias (alteracións do ritmo cardíaco) tras unha importante inxesta de alcohol sen patoloxía miocárdica previa.

2.e. Vasculopatías.
A alteración máis importante a nivel vascular sería a correlación entre consumos de alchol e Hipertensión Arterialsta é tres veces máis frecuente nos enfermos alcohólicos, triplicándose, así mesmo as mortes por infarto.Tamén existe un maior risco de accidente cerebrovascular agudo.

3) *APARATO RESPIRATORIO.*

Produciríase máis patoloxía a este nivel debido, sobre todo, a problemas de malnutrición. Fracturas arco costal con afectación pulmonar por caídas por embriaguez, etc.

4) *HEMATOPATÍAS (ENFERMIDADES DO SANGUE).*

As alteracións do sangue son debidas a:

4.a. O propio efecto do alcohol que interfire selectivamente na eritropoiese (formación de glóbulos vermellos)Provoca déficit de Ferro e Acido Fólico.

4.b. A Malnutrición :
Prodúcese carencia de folatos, vitamina B12 e ácido ascórbico que repercute no sistema hemato-poiético (formador de sangue).

4.c. Hepatopatía:
Favorecerá o déficit de ferro, leucocitos, e plaquetas, e a destrucción da sangue

5). *TRASTORNOS METABÓLICOS:*

Os máis frecuentes:
Hiperuricemia (con posible crise de gota); Hiperlipemia (aumento de triglicéridos); Hipoglucemia (menos glicosa por maior consumo)

6). *HIPOVITAMINOSIS: Por*:

- Mala alimentación.
- Mala absorción intestinal.

Diminúe, sobre todo:

-Vitamina A: Problemas de visión nocturna.
-Vitamina B1: Aparición de cadros encefalopáticos.
-Vitamina B6: Neuropatía periférica.
-Vitamina B12: Anemia megaloblástica.

7). *ALTERACIÓNS MUSCULARES:*

8). *SISTEMA NERVIOSO:*

É, xunto co fígado, o principal branco da toxicidade alcohólica. O etanol é neurotóxico por excelencia, tanto a nivel central como periférico.

8.a. Sistema nervioso periférico:
*Polineurite Alcohólica: caracterízase por un cadro sensitivo-motor cunhas características principais como:
- Alteracións da sensibilidade.
- Perda de forza.
- Dolor nas pantorrilas
- Cambres, etc.

*Neurite óptica alcohólica: caracterízase por diminución da agudeza visual.

8.b. Sistema Nerviosos vexetativo:

Afectación, sobre todo, durante o síndrome de abstinencia alcohólica caracterizado por:

- Taquicardia.
- Hipertensión.
- Suoración, etc.

8.c. Sistema nervioso central:


A súa prevalencia é superior á da hepatopía. Prodúcense cadros de psicosis e demencia.

Trastorno cerebral xeneralizado: Aparece no máis do 50% dos alcohólicos. Afectación global e inespecífica que estaría en relación directa coa intensidade da inxesta (cantidade / frecuencia / duración do consumo). Prodúcese por alteracións neuroquímicas e neurofisiolóxicas.

PATOLOXÍA PSÍQUICA

Só mencionaremos as máis frecuentes:

- Cadros amnésicos.
- Alucinose alcohólica.
- Celotipia (Celos).
- Depresión.
- Insomnio.
- Etc.



ALCOHOL E XUVENTUDE

A inxesta de alcohol aumentou, tanto en novos como adolescentes, dunha maneira importante, nos últimos tempos. En 1980, o National Council of Alcoholismo estimaba a existencia duns 3 millóns de adolescentes "bebedores problema" no mundo occidental.

Na década dos 90, o 88% dos novos declarábanse bebedores (consumían algunhas bebidas alcohólicas) e o 89% dos escolares que bebía, iniciaban o seu consumo á idade media de 12,6 anos (Comas, 1994). Existen estudios que encontran co 12% dos alcoholómanos empezaron a súa dependencia entre os 13 e os 15 anos.

¿Cales serían os indicadores de risco que encenderían a luz de alarma, sobre consumo de alcohol na xuventude?

- Antecedentes familiares de alcoholismo.
- Conducta antisocial.
- Dificultade de adaptación escolar.
- Personalidade fráxil.
- Consumo de alcohol en busca dos seus efectos gratificantes (para divertirse, relación sexo oposto, etc.).

A xuventude ten unha serie de características con respecto ó consumo de alcohol que os diferencia do bebedor adulto:

*Consumidores de fins de semana e festivos.
*Búscanse de forma rápida os efectos euforizantes. Son bebedores compulsivos.
*O seu lugar de consumo é a rúa, en grupos.
*Beber habitualmente cervexa (litrona) e combinados.
*O consumo de alcohol conleva en moitas ocasións, ó consumo doutras substancias prexudiciais (legais ou ilegais).

PREVENCIÓN

Basearemos a actuación en prevención baixo dous prismas:

O primeiro sería a actuación sobre o propio individuo, como bebedor, que consistiría en Intervencións breves en Atención Primaria:

- Consello médico, folletos explicativos, etc.
- Técnicas en habilidades sociais e solución de problemas.
- Control de ansiedade.
- Programas de ocio e tempo libre.
- Programas destinados a mellora-la autoestima.

O segundo punto estaría relacionado con Intervencións dirixidas ó bebedor co obxectivo de protexer á sociedade ou reduci-los costes sociais que conleva o seu consumo alcohólico:

- Terapia familiar.
- Evitar sobrecarga de traballo.
- Programa de bebida controlado.
- Promover cursos de riscos laborais.
- Etc.

BIBLIOGRAFÍA

* Antiguo Testamento
* Fundación de Ayuda contra la Drogadicción: Equipo de Investigación sociológica.
* García, A. (1998). "La actitud de las empresas españolas ante el alcohol y otras drogas". CC.OO.
* O.I.T. (Organización Internacional del Trabajo)
* Observatorio Español sobre Drogas.
* Portella, E. Y otros. (1998). "El alcohol y su abuso: Impacto socioeconómico. Madrid.
* Rodríguez-Martos, A. "Manual para el Médico de Cabecera".
*+ Ruso y Col. "Guía práctica de Intervención en el Alcoholismo". Agencia Antidroga. Comunidad de Madrid.

por Roberto Artabe.
Medico de Asfedro



PARNASO




De prohibirte, argazo, o teu retorno ó cope,
de emborrallar mamilas para que o leite se augue,
de cargar co desazo dos furacáns exangües,
de posuírte... abrilas o que de inverno xorde.

Por máis que te silencies o mar de sempre é infame
ainda que presencies finada outro remosque.
Non has facer o morto senón para chegares
á beira en que, ás avesas do arpón, nazan remoles.

Xacode esas promesas tabernarias, desóeas
coas sabas doutro porto, sen pranto e con axóuxeres.
¿ Ademáis deste absorto confín, quen te acubilla?.

¿ Quen calma o que profesas?, ¿é o sal que te perdoa?.
<< I se acaso das ilesas axadas fora roce
e dos días sen orto engalgárane as quillas ¡ >>.

(De: "Vagas en espiral").
Inédito
Autor: Alexandre Nerium



ei naufragar nas vagas dos teus ollos
onde a brisa é dozura e o mar tenreza
envolto entre sargazos furibundos
que me gaduñen feros as espaldas.

Hei reflectir nas ondas intanxibeis
o pélago onde afondas as meixelas,
os penedos sinceros do teu hálito,
os temporais severos do teu ventre.

Hei falecer nas dondas aureolas,
no pube onde me escondas o desexo,
nos manantiais austeros dos teus beizos ...

E curarei as chagas co sal morno
que mana da fondura do teu corpo
até perder os azos que me erguen ...

(De "Vagas en espiral")
Autor: Alexandre Nerium



PARNASO





Dende a embazada fiestra medraban as meniñas
batiscafos do algarve no aló de nós repunte,
da ucronia do foque sentinelas da brisa,
labirintos de xerfa salvagardando o lume
das descorzoadas ascuas en marzo esvaecidas.

Pensar na tempestade feita acougo onda o estrume ...
Dos días olvidados o po entre lusque e fusque.
Instalarse no amor, canto custaba, erguémonos ...
alleos á seraogna, á esmundez do cardume,
por deluvar luzadas ... para matar o tempo.

Pero sen darnos conta airexa, o mar sedento,
o que xanta connosco despois de cada ceifa
-memoria doutros corpos- acostumounos cedo
a forma que arma o esmallo, o anzol do pincho, o remo ...
¿Lémbraste ...? ¡Pervivía nos rostros a incerteza!.


(De Vogar de Couse)

Quen dará morte ao mar que percorreu o olvido
Esgotarei os ollos contemplando o abrinte,
derramarei as pálpebras mergullando-ás no mosto
mais nocturno, mais meu, mais para sempre tido.

Román Raña

No tránsito: as gamelas encalladas na rampla,
as pezas encascadas ennegrecendo a area,
os ensebados imos subindo azuis bucetas,
o escálamo, os estrobos agardando na praia
o destonar do axexo da muda primavera.

Eramos tan cativos, gotas de madrugada,
axóuxeres de nácara rebuldando coas trallas
dun trasmallo esgazado nado coa nordesía
que esquecera a marmaña que ía esponxando ás cristas
dun mar de fin da terra a se espetar nas táboas.





Nacho Doce



202

ATENEO FERROLAN

E-mail

a_ferrol@teleline.es

www.ateneoferrolan.org - Microsoft Internet Explorer


Archivo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda

Atrás Adelante Detener Actualizar Inicio Búsqueda Favoritos Multimedia Historial Correo Imprimir Editar Conversar

Dirección http://www.ateneoferrolan.org Ir Vínculos







Ateneo Ferrolán

Desde o ano 1976, o ATENEO FERROLÁN tense convertido nun punto de referencia e consulta imprescindible dentro do mundo cultural de Ferrol e en xeral de Galicia, non so polos centos de actividades culturais (debates, conferencias, mesas redondas, concertos, etc...) que organiza senón pola súa capacidade crecente de convocatoria na realización das distintas e plurais actividades programadas.

O Ateneo Ferrolán, como entidade sen fin de lucro, ocupa hoxe un dos primeiros lugares como dinamizador da nosa cultura en Ferrol, desenvolvendo as súas actividades a traves das Vocalías de Música, Cine, Teatro, Ciencias e Humanidades, Artes Plásticas, Medio Ambiente, Muller, Arqueoloxía, Xuventude, Publicacións...

Así, o Ateneo Ferrolán ven tentando dar unha resposta cultural ás necesidades dunha cidade galega, coas súas características de seu, como é Ferrol e a súa comarca. Velaí que tódalas súas actividades desenvolvense en función dunha demanda social concreta ó servicio da cal orientamos os nosos esforzos.

Polas características propias de promoción e defensa da cultura galega, tódalas súas manifestacións, ben orais ou escritas, realizanse dun xeito único en idioma galego, o mesmo que toda a súa administración está elaborada, de sempre, no mesmo idioma.

Todo este esforzo cultural e os seus fins, non lucrativos, fan que as súas programacións sexan na súa maior parte abertas ó público e de xeito gratuito, cun gran contido e interese social, polo cal teñen unha grande aceptación cidadán

Estás na WEB do Ateneo Ferrolán — Internet